

**PROXECTO
EDUCATIVO
E
FUNCIONAL
2023/2024**



CEIP PLURILINGÜE VILA DE CEE

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	4
2.- MARCO LEGAL – DOCUMENTOS DE REFERENCIA	5
3.- ANÁLISE DE CONTEXTO	8
3.1. CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO	8
3.1.1. <i>Situación xeográfica e da contorna.</i>	8
3.1.2. <i>Contexto socioeconómico e culturais que o conforman</i>	9
3.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	10
3.2.1. <i>Características do edificio</i>	10
3.2.2. <i>Oferta educativa - ensinanzas que se imparte</i>	12
3.2.3. <i>Profesorado</i>	12
3.2.4. <i>Alumnado</i>	12
3.2.5. <i>Familias</i>	12
3.2.6. <i>Horario do centro</i>	13
3.3. RELACIÓN COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS	13
3.3.1. <i>Relación coas familias e ANPA</i>	13
3.3.2. <i>Relación co Concello</i>	14
3.3.3. <i>Relación coas familias e institucións</i>	14
3.3.4. <i>Servizos complementarios</i>	15
3.3.4.1. <i>Transporte</i>	15
3.3.4.2. <i>Comedor</i>	15
4.- NOTAS IDENTIFICATIVAS DO CENTRO	15
4.1. ESTILO DE FORMACIÓN	17
4.2. ESTILO ENSEÑANZA APRENDIZAXE	17
4.3. OBXECTIVOS	18
4.4. FINS	21
5.- META-AVALIACIÓN	21
5.1. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	21
5.2. METODOLOXÍA	22
5.3. AVALIACIÓN	23
6.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO	24
6.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS	24

6.2. ÓRGANOS COLEXIADOS	24
6.2.1. Consello Escolar	24
6.2.2. Claustro de Profesores	24
6.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	25
6.3.1. Equipos de ciclo de Educación Primaria e Educación Infantil	25
6.3.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica	25
6.3.3. Titorías	25
6.3.4. Departamento de Orientación	26
6.3.5. Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias	26
6.3.6. Equipo de Dinamización da Lingua Galega	26
6.3.7. Outros Equipos do Centro	27
- Equipo de Proxectos: a) E. Voz Natura	
b) E. Actividades Físicas e Hábitos Saudables.	
- Equipo Convivencia	
- Equipo Biblioteca	
- Equipo TICS	
7.-CONCRECIÓN CURRICULAR	27
7.1 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA	27
7.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA POR MATERIAS	28
7.3. IDIOMA IMPARTIDO DAS MATERIAS	28
7.4. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E TRATAMENTOS DOS EIXES TRANSVERSAIS	29
7.5. EDUCANDO EN VALORES	35
7.6. LIÑAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	36
7.7. CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA	36
7.8. COORDINACIÓN ENTRE NIVEIS E ETAPAS	38
8.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS	38
8.1. PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO	38
8.2. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN	39
9.- DIVULGACIÓN E APLICACIÓN	40
10.- ENTRADA EN VIGOR E APROBACIÓN	40
11.- ANEXOS	
PLAN DE IGUALDADE	
PLAN DIXITAL	
PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HABITOS SAUDABLES	

1. INTRODUCCIÓN

Xestionar un centro escolar de forma eficaz esixe unha acción coherente, coordinada e solidaria de todos os membros da Comunidade Educativa.

Este Proxecto Educativo establece a liña definitoria do tipo de estilo educativo que se quere impartir. É o resultado da reflexión e acordo dos responsables do centro e determina os valores que se asumen como orientación de modelo de educación que se persigue. Tamén perfila a formación do alumnado e os principios que deben orientala. Unifica os criterios de actuación en favor dunha maior coherencia e da carácter e personalidade ao centro.

Polo tanto neste proxecto quérese concretar propostas educativas co fin de desenvolver un traballo racional e eficaz e ofrecerlle ao alumnado unha ensinanza de calidade que estea de acordo cos retos educativos que a sociedade nos esixe. Esta calidade pasa por dar prioridade a formación integral dos alumnos e alumnas transmitindo valores, interiorizando normas, fomentando actitudes e hábitos, seleccionando os obxectivos, contidos, metodoloxía, sistemas de avaliación e tendo en conta as necesidades do alumnado como referencia prioritaria.

Considerase tamén que debe estar aberto a novas ideas e modificacións que se consideren oportunas.

Os centros deberán elaborar un **PROXECTO EDUCATIVO E FUNCIONAL** baseado na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

O equipo directivo elaborará o P.E.F. partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo Claustro. Posteriormente será aprobado pola dirección do centro. Unha copia do P.E.F. quedará na secretaría a disposición de toda a Comunidade Educativa, outro exemplar entregaráse á ANPA e un terceiro remitirase á Inspección Educativa.

Os apartados que se incluírán no P.E.F. serán os seguintes:

Análise do contexto.

Obxectivos do centro.

Fins e intencións educativas.



Oferta educativa.
Organización xeral.
Concreción curricular.
Proxectos e Plans nos que participa o centro.
Relacións coas familias e institucións.
Documentos de referencia do centro.

2. MARCO LEGAL - DOCUMENTOS DE REFERENCIA

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Orden de 28 de xuño de 2010 por a que se modifican parcialmente las órdenes del 1 de agosto de 1997, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo del Decreto 324/1996, por el que se aprueba el reglamento orgánico de los institutos de educación secundaria y se establece su organización y funcionamiento, de 22 de julio de 1997, por la que se regulan determinados aspectos de organización y funcionamiento de las escuelas de educación infantil, de los colegios de educación primaria y de los colegios de educación infantil y primaria dependentes de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria, y de 3 de octubre de 2000, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo del Decreto 7/1999, por el que se implantan y regulan los centros públicos integrados de enseñanzas no

universitarias.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 26 de maio de 2023, pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas en educación infantil.
- Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio do 2023, polo que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Real Decreto 157/ 2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de educación primaria.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 polo que se desenvolve o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia.
- Resolución do 6 de xuño do 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, polo que se dictan instrucións para o desenvolvemento de ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria, e bacharelato no curso académico 2023 2024.
- Orde ECD/65/2015, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de educación primaria.

- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 79/2010, do 30 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, (DOG 25/05/10)
- INSTRUCCIÓNS para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.
- ORDE do 10 de febrero de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega (DOG 19/02/14).
- INSTRUCCIÓN para a aplicación da ORDE do 10 de febrero de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, e da Orde do 10 de febrero de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (en diante Orde Celga) (DOG núm. 34, do 19 de febrero).
- DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. (DOG, 13/08/13). Derroga o Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, o Decreto 374/2009, do 6 de agosto e, tácitamente, o Decreto 439/2009, do 11 de decembro.
- ORDE do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 05/03/07). Corrección de erros, (DOG, 03/04/07). Modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008, (DOG, 19/06/08). Vixente agás naqueles aspectos que se opoñan ao disposto no Decreto 132/2013, do 1 de agosto.
- REAL DECRETO 3484/2000 do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas. (BOE, 12/01/01). Texto consolidado 8 de marzo de 2011.
- GUÍA de axuda para programar os menús escolares. MENÚS Saudables no Comedor Escolar.
- INSTRUCCIÓN 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024.
- INSTRUCCIÓN 3/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura,


Educación, Formación Profesional e Universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2023-2024.

- LEI 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres. (BOE, 31/07/87). Texto consolidado, 29 de setembro de 2018.
- REAL DECRETO 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. (BOE, 02/05/01). Modificado polo Real Decreto 894/2002, do 30 de agosto, (BOE, 31/08/02). Texto consolidado, última modificación: 5 de setembro de 2006.
- DECRETO 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. (DOG, 27/06/88). Modificado polo Decreto 342/1998, do 27 de novembro, (DOG, 03/12/98) e polo Decreto 65/2014, do 28 de maio, (DOG, 10/06/14).

3. ANÁLISE DO CONTEXTO

3.1 CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

3.1.1. Situación xeográfica e da contorna.



O CEIP Plurilingüe Vila de Cee está situado na capital do concello. Cee é o centro administrativo e de servizos da Comarca de Fisterra, dentro da zona coñecida como Costa da Morte, está a carón do Océano Atlántico e é centro neuráxico de servizos na Costa da Morte. Situada a 95 quilómetros da cidade de A Coruña e a 74 de Santiago de Compostela, Cee é un centro de referencia na zona centro-oeste da provincia coruñesa.

O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-552, de Fisterra a Coruña, nestes últimos anos o feito de contar cunha autoestrada dende A Coruña ata Baio

supuxo en grande medida melloras na comunicación.

O territorio do Concello de Cee asómase ao mar por 3 fragmentos de costa: a ría de Lires no Noroeste, a praia de Estorde na enseada fisterrá, e desde o mesmo Cee ata a enseada do Ézaro.

O municipio ten unha superficie de 54.2 km² nos que viven algo máis de 7500 habitantes distribuídos en 6 parroquias: A Ameixenda, Brens, Cee, Lires, A Pereiriña e Toba.

O noso centro está situado na Rúa de Escola, perpendicular a unha das estradas principais a Avda.de Fernando Blanco, cerca do polideportivo e con acceso ao transporte escolar así como a dos familiares que achegan aos rapaces en coche.

3.1.2. Contexto socioeconómico e culturais que o conforman

A poboación dedícase á industria Ferroatlántica, servicios, agricultura e comercio. No concello contamos con servizos como Hospital, Facenda, Oficina do INEM, casa da cultura, museo Fernando Blanco, centro comercial con cine, mercado municipal, escola municipal de música, escola infantil, institutos con formación en educación secundaria, bacharelato e formación profesional, polígono industrial con diferentes empresas, entidades bancarias, hipermercados, hoteis, gasoleneira, comercios, cafeterías, ...sen esquecer que todos os domingos celébrase un mercado ambulante que congrega a poboación non só do concello senón dos concellos da contorna: Corcubión, Fisterra, Dumbría entre outros.

No concello contase con diversas asociación que realizan acción sociais e culturais, as asociación coas que contamos no Concello son, entidade “Aloumiños” Asociación de Persoas con Necesidades Específicas da Costa da Morte, facemos mencións a ela, xa que temos alumnos/as que asisten a ela. “ASPADEx” asociación que se organiza con calidade e con ética, con un proxecto común, aberta ao entorno e que loita pola inclusión e autodeterminación das persoas con discapacidade intelectual, prestando os apoios que cada persoa e cada familia necesita para desenvolver seu proxecto de vida.

3.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

3.2.1. Características do edificio

O noso centro conta coas seguintes instalación:

Un edificio principal con dúas plantas, un pavillón novo anexo ao edificio principal con unha planta e un pavillón anexo do que temos o usufruto para o uso ao longo da

xornada lectiva, un patio cuberto de 600 m² (con baño e aseos) tres patios de educación infantil, dúas pistas para o xogo ademais de espazo de xogo libre arredor dos pistas e o centro para o seu tempo de ocio. A continuación especificácase máis polo miúdo a descrición do edificio principal.

PLANTA BAIXA:

- 1 aula de informática
- 4 aulas de Educación Infantil
- 1 aula de Psicomotricidade
- 1 aula de Madrugadores
- 2 servizos
- 1 almacén
- 1 conserxería
- 1 comedor – cociña

1º ANDAR:

- Dirección.
- Secretaría
- Xefatura
- Departamento de Orientación
- 2 servizos profesorado / persoal non docente
- 1 sala de profesores/as
- 1 aula de P.T.
- 1 aula de A.L.
- 1 aula de Relixión
- 2 aulas de Educación Primaria
- 2 servizos alumnado.

2º ANDAR:

6 aulas de Educación Primaria

1 aula de Inglés

2 servizos alumnado.

1 aula de PT e AL

1 almacén.

1 servizo profesorado.

-

EDIFICIO ANEXO:

4 aulas de Educación Primaria

1 Biblioteca

2 servizos alumnado

1 almacén

1 aula Música.

1 aula Inglés

Nota: O centro conta cun ascensor no pavillón I que comunica os dous andares.

EDIFICIO CASA DO CONSERXE

3 almacéns

1 aseo

1 local ANPA

3.2.2 Oferta educativa - ensinanzas que se imparte

No centro impártese as ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria e tamén contamos cunha sección plurilingüe na que se imparte a materia de Educación plástica e visual en inglés.

Ademáis tamén temos concedido o programa PROXECTA + do fondo social europeo, coa implantación destes plans.

O profesorado fará a súa adscripción de acordo coa orde do 28 de xuño do 2010.

3.2.3 Profesorado

Actualmente o noso centro conta coas seguinte unidades de profesorado asignado.

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	Total
6	12	2	1	1	2	2	2	1	29

Este catálogo pode sufrir modificacións en función do alumnado (algún anos o centro pasa de ter dúas unidades a suprimirse algunha polo descenso da natalidade)

3.2.4 Alumando

No centro impártanse dúas etapas, educación infantil e educación primaria, a maioría do alumnado vive próximo o centro, o alumnado de zonas rurais utiliza o transporte. Indicar que en 1º de primaria incorporase ao centro o alumnado da unitaria de Pereiriña e en 3º de primaria o alumnado da unitaria de Brens. Indicar que antes da súa incorporación realízanse períodos de adaptación ao centro.

3.2.5. Familias

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Son os transmisores de valores, actitudes, hábitos..., que logo repercutirán na vida educativa. Por iso a participación no centro debe ser un intercambio de información e apoio, e dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ao entorno social. As familias participan no centro do seguinte xeito:

- A través dos seus representantes no consello escolar.
- A través da representación no observatorio de convivencia.
- Mediante a participación a través da ANPA.
- Mediante reunións canalizados polo titor/a.

A maioría dos pais e nais preocúpanse polo rendemento escolar do seus fillos/as e implícanse nas tarefas educativas consideran boa a relación que manteñen co profesorado.

3.2.6. Horario do centro

O horario do centro establece de xornada continuada 9:30h. a 14:30h., ofrecendo tamén o servizo complementario de comedor ata as 16:00h. Os luns este servizo é ata as 16:30h para os usuarios de transporte.

O día común de presenza simultánea do profesorado no centro son os martes pola tarde de 16:00 a 18:00.

Os luns, mércores, xoves e venres a Biblioteca permanecerá aberta dende as 15:45h. ata ás 17:45h.

As actividades lectivas realízanse en 5 sesións de 50 minutos cada unha, un recreo de 30 minutos e a hora de ler de 20 minutos.

O horario do profesorado está regulado pola Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na que se especifica que a xornada semanal será de trinta e sete horas e media, das cales dedícanse trinta a actividade no centro con presenza no mesmo, e 25 teñen carácter lectivo de docencia directa.

3.3. RELACIÓN COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando sempre a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñemos especial atención na relación coas familias, co noso centro de adscrición IES Agra de Raices, coa Anpa e co Concello no que se sitúa o colexio.

3.3.1. Relación coas familias e ANPA

A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre proxenitores/as e docentes son básicas en calquera etapa educativa.

A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de co-responsabilidade que guíe aos nenos e nenas nunha mesma dirección.

Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:

- A través dunha implicación das familias no proceso educativo que implique: un consenso familia-escola e unha comunicación fluída e constante.

- A través do Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro.

No que respecta á primeira vía, é dicir, á implicación das familias no proceso educativo, por parte do centro buscarase implicar ás familias por tódalas vías que sexan posibles. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:

- Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral.
- Apertura de portas do centro: as familias son benvidas a colaborar, participar e propoñer actividades para o alumnado en coordinación co profesorado do centro.
- Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola.

Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanas de titorías e atención aos pais que quedan establecidas os martes lectivos do curso entre as 16:00 h. e as 17:00h. as solicitudes de titoría pediranse directamente co mestre titor/a ou a través da aplicación ABALAR.

3.3.2. Relación co Concello

As relación co concello mantéñense a través de reunión presenciais ou telefónicas (en vista das necesidades) así como as convocadas a través do consello escolar. Ademais a través do concello realízanse: convocatoria de concursos dirixidos aos escolares da zona, actividades culturais con motivo de distintas conmemoracións e actividades extraescolares nas que poden participar todos os alumnos do centro.

3.3.3. Relación coas familias e institucións

Este Centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, previa aprobación no Consello Escolar, da Inspección e da Xefatura Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e prexuízos que se puidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.

3.3.4 Servizos complementarios

O CEIP Plurilingüe Vila de Cee conta cos seguintes servizos complementarios:

3.3.4.1. Transporte

Actualmente o centro conta con catro liñas de transporte distribuídas da seguinte maneira:

ASIGNACIÓN PARADAS	
CANOSA	Ruibo, Lires, Canosa, Tedín, Sembra, Estorde de Arriba e Estorde de Abaixo.
EZARO	Ezaro, Ameixenda Igrexa, Ameixenda Lamas, Casa Ramiro, Brens Pontella, Camiños Chans, Campo Sacramento.
PORCAR	Porcar, O Carrizal, Feiranova, Codesos, Vilanova, Vilanova, Lobelos de Abaixo, Lobelos de Arriba, Duei, Xallas, Vilar de Toba.
FADIBÓN	Fadibón, Raso

3.3.4.2. Comedor

Contamos cun servizo de comedor de xestión directa (con cociña propia) cunha cociñeira e dúas auxiliares de cociña así como colaboradores de comedor para levar a cabo o servizo, para un total de 318 prazas.

4. NOTAS IDENTIFICATIVAS DO CENTRO

Denominación: CEIP Plurilingüe Vila de Cee.

Titularidade: centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Código do centro: 15003248.

Dirección: Rúa da Escola, 9. Cee - 15270

Teléfono: 881880455 Correo electrónico: ceip.viladecee@edu.xunta.gal

Paxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

Centro adscrito: IES Agra de Raíces.

Centros adscritos ao CEIP Plurilingüe Vila de Cee: CEIP Igrexa de Brens e EEI de Pereiriña.

Niveis educativos que se imparte:

- Segundo ciclo de Educación Infantil.
- Educación primaria: 1º,2º,3º,4º,5º e 6º.
- Servizos complementarios: transporte e comedor escolar.

Ofertas educativas:

- Levase a cabo o programa de plurilingüismo.
- Clase de relixión católica ou proxecto competencial.
- Actividade de biblioteca.
- Aulas de informáticas.
- Aulas de inglés.
- Aulas de apoio ao alumnado N.E.E. e N.E.A.E.
- Departamento de Orientación especializado e en coordinación con servizos externos e EOE.
- Aulas equipadas con PDI e conexión a rede.
- Programa ADIX.
- Programa RECUPERAT (PROA + do fondo social europeo).
- Participación no programa XOGADE.
- Programa de gratuidade solidaria de libros de texto dependente da Consellería de Educación.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Programa ABALAR para a comunicación cos pais.

4.1. ESTILO DE FORMACIÓN

A educación é igual para todos, sen diferenciar sexo, raza ou relixión. Son prioritarios os seguintes valores:

- Igualdade: procurar a igualdade de dereitos, obrigacións e posibilidades entre ambos sexos.
- Personalización: promover unha metodoloxía participativa, activa, globalizadora e

personalizada.

- **Calidade:** impartir un ensino de calidade, estimular a motivación, a atención, o esforzo, a formación integral.
- **Esfuerzo:** inculcar o afán de superación e a satisfacción polo traballo ben feito.
- **Inclusión:** o proceso educativo, debe asustarse a individualidade de cada alumno/a con medidas de atención a diversidade para lograr o máximo desenvolvemento de cada un.
- **Coeducación:** procurar a efectiva igualdade de dereitos, obrigacións e posibilidades entre ambos sexos.
- **Espírito crítico:** potenciando a actividade crítica, construtiva dos membros da comunidade educativa.
- **Educación como formación integral:** a educación debe ser un elemento para compensar as desigualdades sociais, por medio dun trato personalizado adaptado ao ritmo do alumnado.

4.2. ESTILO ENSINANZA APRENDIZAXE

As características da actividade de ensino-aprendizaxe e a metodoloxía serán as seguintes:

- **Activa:** que o alumnado sexa o motor da súa propia aprendizaxe e acaden un alto grado de autonomía.
- **Participativa:** toda a comunidade educativa debe participar na toma de decisións, o diálogo para solucionar os conflitos, usando o respecto mutuo e a liberdade de expresión.
- **Integral:** a actividade de ensino-aprendizaxe tamén inclúe a adquisición de valores éticos e morais, non só a transmisión de conceptos e técnicas de traballo intelectual.
- **Integradora:** respectar e axudar a cada individuo da comunidade.
- **Personalizada:** intentarase atender ás necesidades humanas, intelectuais e afectivas do alumnado.
- **Aberta:** O centro enfocará a súa actividade ao seu entorno.
- **Disciplina:** Este apartado regulador da convivencia está recollido no Plan de Convivencia e NOFC.
- **Tecnoloxías da Información:** por medio dos recursos tecnolóxicos das aulas e da aula de informática, tratamos de incorporar o uso das TICS na didáctica das diversas materias.
- **Liña Metodolóxica:** presentar os obxectivos desde un enfoque integrador, promovendo a globalización.

Os contidos partirán da realidade inmediata, facendo fincapé nos procedementos e actitudes.

A acción educadora debe adaptarse ás necesidades educativas do individuo.

Procuramos que o currículo sexa aberto e flexible para introducir as modificacións necesarias en cada momento. A metodoloxía será activa, individualizada e socializadora. Deberase procurar que o alumnado aprenda a aprender e promover a aprendizaxe cooperativa.

4.3. OBXECTIVOS

Os obxectivos son referencias de difícil medición, pero que amosan unha clara intencionalidade no debandar cotiá e que comportan unha vontade de planificación e de desenvolvemento dunhas actividades específicas susceptibles dunha avaliación tanto do proceso da aprendizaxe coma do proceso do ensino.

ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Propiciar un ensino activo que permita desenvolver a autonomía persoal, a orixinalidade e a creatividade.
- Procurar un ambiente democrático e participativo. Acadar a plena normalización lingüística.
- Potenciar o desenvolvemento das habelencias metacognitivas (observación, inferencia, experimentación,...)
- Fomentar a capacidade crítica.
- Potenciar unha educación baseada no diálogo, a cooperación e a tolerancia, non sexista que vaia máis aló da simple coeducación.
- Fomentar valores sobre a igualdade de sexos erradicando pensamentos e/ou comportamentos baseados en prexuízos.
- Propiciar a interculturalidade como un valor.
- Coñecer e valorar o patrimonio cultural galego e contribuír á súa conservación e mellora.
- Desenvolvemento da autoestima e do coñecemento de si mesmo.
- Respecto, concienciación e compromiso coa conservación e mellora do medio ambiente.
- Actuación do profesorado con criterios comúns sobre a metavaliación do proceso.
- Acadar unha educación integral que teña por base a motivación e o interese do alumnado.
- Procurar a diagnose temperá do alumnado con N.E.E. e N.E.A.E. cara unha mellora atención educativa.

- Adecuar os métodos de traballo a diversidade e dar a mellor resposta educativa posible aos casos de N.E.E. e N.E.A.E.
- Desenvolver no alumnado a capacidade de aprender a aprender.
- Favorecer unha personalidade cada vez máis responsable independente e autónoma.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo do contorno máis próximo e aproveitando os recursos que nos ofrece.
- Fomentar o uso da biblioteca de centro e/ou aula as TIC como fonte de información.
- Fomentar actitudes solidarias e tolerantes participando en actividades de grupo e rexeitando todo tipo de discriminacións.
- Desenvolver o sentido crítico do alumnado diante da realidade social, cultural e técnica.
- Adoptar medidas encamiñadas a fomentar un clima de respecto mutuo entre o alumnado así como o alumnado e o profesorado.
- Respectar os dereitos do alumnado ao mesmo tempo que esixir o cumprimento dos seus deberes.
- Avaliar periodicamente o desenvolvemento das capacidades do alumnado.

RELACIÓN COA COMUNIDADE

- Potenciar o uso de bibliotecas, actividades de lecer e lúdico-culturais da zona.
- Aproveitar neste eido tamén as actividades que poida ofertar o concello.
- Celebrar e facilitar a participación de festas e costumes tradicionais.
- Realizar saídas e excursións para aproveitar os recursos didácticos que se poidan atanguer.
- Promover cantas actividades con persoal especializado poidan contribuír o mellor desenvolvemento dos nosos alumnos/as.
- Utilizar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións do centro, de carácter oficial, tanto internas como externas.
- Facilitar á comunidade educativa o acceso a información sobre os aspectos relevantes para a práctica educativa.
- Colaborar co concello, ANPA e outras entidades de cara a desenvolver no centro actividades educativas coherentes coa programación educativa.
- Favorecer o achegamento e a comunicación entre os membros de comunidade educativa, propiciando a participación en actividades conxuntas.
- Fomentar a participación familiar no funcionamento e organización do centro mediante o consello escolar e a ANPA.
- Acadar un ambiente de respecto e diálogo tanto coas familias como coas entidades

colaboradoras.

- Facilitar a integración e o labor do persoal non docente que traballa no centro.

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

- Revisar periodicamente todos os elementos curriculares a partir dos resultados.
- Demandar do departamento de orientación cando se precise as actuacións necesarias e eficaces.
- Avaliar o P.E.F. cada curso escolar.
- Colaborar cos servizos sociais do concello na problemática do absentismo escolar.
- Demandar das autoridades correspondentes os recursos necesarios para unha educación de calidade.
- Apoiar e incentivar iniciativas de formación, innovación e renovación educativa.
- Impulsar a convivencia e a participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Acadar unha actitude de implicación e responsabilidade sobre as necesidades do centro e do alumnado, tratando de darlles resposta do mellor xeito posible.
- Potenciar o traballo en equipo do profesorado do Centro.
- Procurar a maior e mellor rendibilidade dos recursos dispoñibles.
- Promover a mellora das instalacións e requirir novos medios ás administración de ser necesarios.
- Avaliar a práctica docente e o proceso de ensino-aprendizaxe así como o propio funcionamento do centro.
- Procurar unha organización transparente, eficaz e operativa que permita a boa xestión e optimice os recursos dos que se dispón, conservando, renovando e empregando axeitadamente as instalación, dependencias e materiais.

AMBITO INSTITUCIONAL

- Fomentar a colaboración entre as familias e o equipo docente de cara o funcionamento do centro como unha auténtica comunidade educativa.
- Insistir nas relacións co centro de acollida do alumnado cando acaban a educación primaria.
- Transmitir e fomentar a información necesaria aos pais sobre o proceso formativo dos seus fillos coa necesaria implicación no proceso instrutivo dos seus fillos/as.
- Favorecer e estimular a formación do profesorado.
- Establecer relacións de colaboración e coordinación co concello e con outras entidades de carácter público ou privado.
- Fomentar a relación e compartir experiencias con outros centros educativos.

- Manter unha relación fluída coas autoridades educativas.

4.4. FINS

Como centro a misión é darlle ao noso alumnado un desenvolvemento humano e integral, cos mestres e familias en permanente contacto.

Acadar unha formación integral como persoa logrando as competencias básicas necesarias para a súa integración na sociedade.

Os fins a destacar son:

- Pleno desenvolvemento do alumnado como persoa.
- A formación nos principios democráticos de convivencia e de tolerancia.
- A adquisición de hábitos intelectuais, técnicas de traballo, coñecementos técnicos e humanísticos aplicables a idade do noso alumnado.
- Que a súa formación lingüística axuda a normalización da lingua do país.
- A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
- Darlle unha ampla base específica da cultura galega.

5. META- AVALIACIÓN

5.1. ASPECTOS XERAIS PARA ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

As programacións son elaboradas a principios de curso polos diferentes mestres e especialistas e serán levadas a cabo durante todo o ano. Serán elaboradas por niveis e por áreas.

Deberán conter os seguintes puntos, entre outros:

- Introducción
- Axustado á lexislación vixente.
- Concreción dos obxectivos (para cada unha das distintas áreas).
- Concreción dos contidos (para cada unha das áreas).
- Competencias básicas.
- Medidas de atención a diversidade.
- Recursos: organizativos, metodolóxicos, materiais, temporais.

- Estándares de aprendizaxe.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Relación cos Plans: Lectura, biblioteca, dixital e actividades físicas e hábitos saudables, e plans estratéxico de intelixencia emocional e benestar socioemocional da comunidade educativa.
- Avaliación da programación a final de curso.

5.2 METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos e didácticos serven como pauta aos membros dos equipos docentes na práctica diaria e deberán ser tidos en conta para a elaboración das programación de aula, e especialmente no deseño das actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación.

Os métodos e estratexias a utilizar poden ser múltiples e complementarias, xa que calquera situación de aprendizaxe está sometida a un gran número de variables como a idade dos menos e nenas, homoxeneidade ou heteroxeneidade do grupo-clase, coñecementos previos, grao de motivación...

Para levar isto a cabo, é necesario a coordinación dos membros do claustro, para seguir uns criterios metodolóxicos coherentes cos principios de identidade e pedagóxicos do Centro:

- Unha **metodoloxía activa e participativa**: É necesario fomentar no alumno/a unha actitude curiosa, crítica e investigadora.
- Concédese especial importancia ás actividades grupais, tarefas en grupo, á toma de decisións en conxunto, para favorece-la cooperación, o intercambio e a confrontación de opinións e o talante non discriminatorio.
- Destacamos tamén o **espírito lúdico**: Dado que sabemos que o xogo é parte fundamental da vida dos nosos alumnos /as, intentaremos que teña un espazo importante no colexio, como vehículo de socialización, medio para pasalo ben e recurso para novas aprendizaxes.
- Tomamos como base da nosa liña de traballo o **aprendizaxe significativo**, é dicir, partindo sempre das súas experiencias previas.

Todo iso, considerando ao profesor/a como exemplo a seguir e nexo de unión entre o alumnado e a nova materia que ten que aprender, intentando facerlles a aprendizaxe o máis amena posible.

Procurarase que a maior parte das actividades de aprendizaxe programadas poidan realizarse dentro da xornada lectiva. En caso contrario, o alumnado rematará na casa aquela tarefa que non lle dou tempo a facer na clase. Podendo ademais levar actividades

de reforzo e ampliación para afianzar os contidos explicados na aula e así crear hábitos de estudo.

En todo caso terase en conta a idade do alumnado e respectarase o tempo libre do mesmo.

Dámoslle importancia vital o uso das novas tecnoloxías, potenciando e o seu uso, utilizando os recursos dos que dispoñemos. Utilizaremos así de maneira axeitada a dotación de material de novas tecnoloxías do que dispoñemos, para incluílo de maneira eficaz, no noso traballo na aula.

5.3. AVALIACIÓN

O proceso de ensinanza-aprendizaxe terá en conta o contexto persoal, familiar, cultural e social do alumnado, así como no contexto do propio Centro e da Comunidade educativa, da que forman a parte máis esencial.

Así mesmo a avaliación de dito proceso que será continua e terá sempre unha finalidade formativa, estará integrada no proceso educativo de forma sistemática, tratará de valorar, mediante diversas formas e instrumentos de avaliación, non só os aspectos puramente intelectuais, senón tamén o nivel de maduración e os dominios afectivos e actitudinais para, en última instancia, axudar ós alumnos e alumnas a que poidan realiza-la súa propia autoavaliación e poidan conformar así esquemas persoais válidos para o seu propio futuro.

Ó comezo do proceso didáctico realizarase unha avaliación inicial partindo da observación en tódolos ámbitos do proceso de aprendizaxe para coñecer os nivel que o alumno posúe en relación cos novos contidos e así poder detectar as diferenzas existentes entre o alumnado en canto o desenvolvemento das súas capacidades e intereses e, tratar de facilitarlles unha nova situación de aprendizaxe que dean resposta a esa diversidade para así proceder á adecuación persoal do currículo.

A avaliación conducirá a elaboración dun informe descritivo en relación coa situación de cada alumno/a en tódolos ámbitos persoais de desenvolvemento e servirá para ir axustando a intervención educativa as condicións de aprendizaxe do alumnado, e aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha avaliación positiva tratáraselle de ofrecer os apoios necesarios, orientados a superación das dificultades de aprendizaxe.

Realizaranse tres avaliacións, unha ao remate de cada trimestre. Os boletíns de cualificacións entregaranse ás familias.

6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

6.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS

O equipo directivo formado pola director/a, a xefa/e de estudos e a secretaria/o traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións, intentando dotar ao centro, na medida das súas posibilidades, de tódolos recursos que fagan máis fluído, cómodo e eficaz o proceso educativo, e así poder alcanzar os obxectivos marcados no P.E.F.

Para levar a cabo adecuadamente as distintas tarefas que ten encomendadas o Equipo Directivo dispón no seu horario de unha sesión para a reunión conxunta do equipo e ademais reúnense tódalas veces que consideran necesarias para un mellor funcionamento da Comunidade Educativa.

6.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

6.2.1. Consello Escolar

O Consello Escolar é o órgano de participación da Comunidade Educativa. Está composto polo presidente , que é o Director/a do Centro, o/a xefe/a de estudos, cinco profesores/as, catro pais/nais, un representante da ANPA, un representante do Concello, un representante do persoal de administración de servizos e a secretaria do Centro.

O Consello escolar reúnese no curso escolar unha vez por trimestre e sempre que o convoque o presidente ou cando o solicita ó menos un terzo dos seus constituíntes.

6.2.2. Claustro de profesores/as

O Claustro de Profesores/as como máxima autoridade dos aspectos académicos, responsabilízase de planificar, coordinar, decidir e informar sobre tódolos aspectos educativos .

Caracterízase polo seu grado de madurez profesional, implicación didáctica e innovación educativa. Está composto por tódolos docentes do centro, e o seu presidente é o Director/a.

Reunirase a principios de curso co obxectivo de planificar o curso escolar, unha vez ó trimestre, unha a final de curso para valorar os obxectivos marcados no PEF e na PXA, e tódalas veces que o/a director/a o convoque ou o solicite un terzo dos seus membros.

6.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6.3.1. Equipos de Ciclo en Educación Primaria e Infantil

Os Equipos de Ciclos de E.I. e E.P. serán coordinadores da actividade docente estando compostos por tódolos mestres que imparten docencia nun mesmo ciclo. Reuniranse unha vez cada mes e ditas reunións serán de obrigada asistencia para tódolos membros. Terán por obxecto avaliar o desenvolvemento da práctica docente e aplicar as medidas correctoras que consideren necesarias. Un resumo do tratado nestas reunións será recollido nas actas correspondentes redactadas polo coordinador de ciclo.

Os coordinadores disporán dunha hora semanal para realizar as súas funcións e a final de curso elaborarán unha memoria que recollerá a avaliación das actividades realizadas e os resultados obtidos.

Os equipos de E.P. teñen como función manter a coordinación entre cursos limítrofes, para manter a coordinación e realizar actividades conxuntas entre niveis ou o centro.

No CEIP Plurilingüe Vila de Cee os especialistas repártense de xeito equitativo, eses especialistas que forman parte dos ciclos de E.I. ou de E.P., para ter un número equitativo entre coordinación. Os membros de cada ciclo tamén se reparten na súa participación, de tal xeito que nos diferentes equipos teñan un representante de cada nivel, con isto preténdese optimizar a coordinación e o traballo.

6.3.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica

A Comisión de Coordinación Pedagóxica órgano motor da maioría das decisións a tomar no Centro referidas á aspectos pedagóxicos e didácticos; está integrada polo: Director/a do Centro que será o seu presidente, a xefe/a de estudos, a coordinador/a de ciclo de E. I. e coordinadores de E.P., a coordinadora de actividades complementarias e extraescolares, o coordinador do equipo de Normalización Lingüística, a representante do equipo de orientación e as/os mestras/es especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Celebrarase unha sesión extraordinaria a comezo de curso na que se designará á proposta do director, a secretaria, outra, a finalizar este e tódalas as que se consideren necesarias. A secretaria recollerá o resumo do tratado na reunión nas actas correspondentes, a secretaria de C.C.P. será o membro máis novo.

6.3.3. Titorías

A orientación e titoría dos alumnos/as é un aspecto fundamental da función docente, constituíndo unha peza clave do proceso escolar. Cada grupo de alumnos e alumnas

estarán a cargo dun profesor/a titor/a, que se encargará de coordinar a labor docente do profesorado do grupo e de conducir ós alumnos e alumnas a os obxectivos propostos no P.E.F. e na P.X.A. A designación dos titores farase de acordo co establecido no artigo 45 do Regulamento Orgánico.

No horario complementario contarán cunha hora de atención os pais e nais. Celebrarán como mínimo, en medida do posible, unha reunión conxunta cos pais /nais dos alumnos/as a principio de curso e tantas individuais como consideren necesarias.

6.3.4. Departamento de orientación

O Departamento de Orientación é o encargado de elaborar , promover e coordinar as actividades de orientación educativa, académica e profesional que se levan a cabo no centro.

Este Departamento está constituído polos seguintes membros: a Orientadora, os especialistas de A.L. e os especialistas de P.T.

Para realizar adecuadamente as distintas tarefas que ten asignadas este departamento reúnense unha vez ao mes e ás veces que sexan necesarias durante o curso. Para as reunións entre especialista de P.T. e A.L. ca orientador/a marcarase unha vez a semana co fin de optimizar a atención aos nenos/as con necesidades.

6.3.5. Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar todo tipo de actividades .Estará integrado pola coordinadora e tres mestres/as.

A coordinadora estará por un período de dous anos como marca a lei e terá que elaborar a programación das actividades que aparecerán incluídas na PXA e confeccionar a memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas.

6.3.6. Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

A Lei de Dinamización Lingüística en vigor pretende que o coñecemento do galego, como lingua propia de Galicia, sexa un dereito e un deber de tódolos galegos ,por iso o Equipo de Dinamización Lingüística pretende arbitrar as medidas encamiñadas a promover o uso e utilización do galego como lingua vehicular xeneralizada e como soporte básico para os materiais didácticos, facendo uso dela con normalidade en tódalas situacións comunicativas e potenciando o seu uso con actividades que impliquen a tódolos membros profesores /as e nenos/as.

O Equipo de Dinamización da lingua galega estará constituído polo coordinador e os seus integrantes (neste centro búscase en medida do posible un representante de cada

ciclo.) Manterán unha reunión a comezo de curso, outra o finalizar e tódalas que consideren necesarias. Así mesmo, a coordinadora levantará acta do tratado na reunión .

Este equipo encargárase de facer o proxecto das actividades a levar a cabo no curso escolar que será incluído na Programación Xeral Anual de Centro o igual ca elaboración dunha memoria a final de curso.

6.3.7. Outros equipos do centro

No centro existen outros equipos para realizar as actividades e manter activa a labor docente, estes son os seguintes:

- Equipo de Proxectos: Equipo de Voz Natura e Equipo de actividades físicas e hábitos saudables.
- Equipo Convivencia
- Equipo Biblioteca
- Equipo TICS

Cada equipo contará cun coordinador/a (que dispoñerá dunha hora semanal de coordinación para realizar a súa labor, en medida do posible e das necesidades do centro) e reunirse unha vez o mes ou as que fagan falta en medida das necesidades.

As horas para realizar as diferentes coordinacións realizaranse en medida das circunstancias do centro, en caso de non dispor de ningún mestre sen carga horaria para realizar unha función (garda, substitución ou outras circunstancias), de xeito extraordinario porá disporse da hora de coordinación asignada, tratándose dun suceso excepcional.

Os coordinadores dos equipos reuniranse sempre que se precise para coordinar as actividades dos diferentes equipos para que estas se desenvolvan de forma harmónica.

7. CONCRECIÓN CURRICULAR

7.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA

A adecuación dos obxectivos de etapa plasmaranse nas Programacións Didácticas e nas Programacións de Actividades e Tarefas que se elaboran con carácter anual.

7.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA POR MATERIAS

Son as establecidas no Anexo III do Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

A inicio de curso, tendo en conta a lexislación vixente ao respecto, o equipo directivo elaborará os horarios para cada curso, tendo en conta as premisas establecidas ao respecto no N.O.F.C., intentando sempre ser equitativos na distribución de horas e materias a impartir por cada mestre/a.

7.3. IDIOMA IMPARTIDO DAS MATERIAS

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia o idioma empregado será o seguinte:

No seu artigo 5º, na etapa de Educación Infantil:

1. O profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.
2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.
3. Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.
4. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

No seu Artigo 6º na etapa de Educación primaria:

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
3. Impartirase en galego as materias de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais e en castelán a materia de Matemáticas.
4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV

(sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

7.4. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E TRATAMENTOS DOS EIXES TRANSVERSAIS

No Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia, no seu artigo 16, concréntanse os Principios Pedagóxicos nos que se basearán o proceso de ensino aprendizaxe e facendo referencia a:

1. Garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

3. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. As metodoloxías desenvoltas permitirán integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender en por si, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

4. Ao obxecto de fomentar a integración das competencias clave dedicarase un tempo do horario lectivo, concretado nas diferentes Programacións de nivel, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.



5. A lectura constitúe como un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Ao fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, de forma diaria (de 12:30h. a 12:50h.) estará establecida a Hora de Ler.

6. Favorecerase que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. Estas medidas están recollidas no proxecto lingüístico do centro, nel concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas inclúen acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia a empregar e o tratamento que se dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de maneira que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

7. Utilizaranse as linguas oficiais só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

8. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

9. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

10. Desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

11. Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Os elementos transversais, presentes neste Proxecto Educativo e Funcional desenvolverá o artigo 17 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia

1. Na etapa de educación primaria tratarase, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16.



2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista nos termos establecidos legalmente.

4. Fomentarase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación do currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias clave que serán o eixe da nosa proposta educativa serán as seguintes:

1.-CCL Competencia en comunicación lingüística que supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos

2.-CP: A competencia plurilingüe que implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación.

Mediante actividades no punto anterior descritas, que valorarán e e respectarán a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

3.-STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñería para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sostible.

- A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento

matemáticos a fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

- A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, a fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

- A competencia en tecnoloxía e enxeñería comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade #de acordo con as necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

4.-CD: A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

5.-CPSAA: A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconocerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

Inclúe tamén a capacidade de facerlle fronte á incerteza e á complexidade, adaptarse aos cambios, aprender a xestionar os procesos metacognitivos, identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

6.-CC: A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial.

Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sostible acorde cos obxectivos de desenvolvemento sostible expostos na Axenda 2030.

7.-CE: competencia emprendedora. A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e o coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sostibles de valor social, cultural e económico-financeiro.

8.-CCEC: A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións exprésanse e comunícanse de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.

Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar ao mundo e de darlle forma.

No artigo 20 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia, pónese especial énfasis na atención a diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten as necesidades de aprendizaxe, asegurando un dereito a una educación de calidade e evitar a permanencia no mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións no currículo.

As medidas adoptadas respetarán os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe e estarán orientadas a acadar os obxectivos e competencias clave da etapa. Nos procesos avaliativos estableceranse as medidas máis axeitadas para a realización dos mesmos, adaptándose ás necesidades deste alumnado.

O alumnado N.E.A.E. rexirase polos principios de normalización e inclusión, asegurando a non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, podendo introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, canda sexa necesario.

A intervención educativa derivada da súa valoración realizarase da forma máis temperá posible. As familias serán prescriptivamente oídas e informadas desta identificación e valoración.

Para a atención á diversidade do alumnado de educación primaria estarase ao disposto na Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

No momento de organizar a clase, os docentes toman unha serie de decisións con frecuencia de xeito máis ou menos intuitivo en relación, por exemplo, coa distribución do tempo nas explicacións e na práctica, no traballo individual e no colectivo. O conxunto destas decisións configuran unha determinada estrutura de aprendizaxe, que non varía unicamente entre un docente e outro, senón incluso, nun mesmo/a docente, segundo as características do seu grupo de discentes.

Non basta con chamar a unha aula inclusiva para que realmente o sexa. Nela, todo o alumnado debe sentirse benvido e participe do grupo. Ademais, o clima da aula ha de ser de confianza, onde o alumnado se sinta seguro para preguntar cando non saiban algo, que lles permita percibir os erros como parte do proceso de aprendizaxe e oportunidades para mellorar. Ademais, deben sentirse respectados polos demais e na obriga de respectar, de xeito que poidan falar abertamente na aula dos seus problemas e conflitos, dando lugar a unha resolución pacífica dos mesmos.

Esta reflexión será necesaria antes das programacións para incluír estratexias na acción educativa encamiñadas a acadar a cohesión grupal e a inclusión de todo o conxunto de alumnado.

No o artigo 13, do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a

ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia, favoreceremos a nosa autonomía como Centro, mediante o traballo en equipo do profesorado e fomentaremos a nosa actividade investigadora mediante: cursos de formación, grupos de traballo, innovacións pedagóxicas, programas educativos, planes de traballo, formas de organización, normas de convivencia (NOFC)... Tamén establecerase, sempre que sexa necesario, a flexibilización na organización das áreas, nas ensinanzas, nos espazos e nos tempos, promovendo alternativas pedagóxicas.

7.5. EDUCANDO EN VALORES

As accións previstas neste apartado inclúense no Plan de Convivencia (ANEXO), que recolle ademais aquelas actuacións dirixidas á solución das dificultades da convivencia. Inclúese tamén a concreción dos dereitos e deberes do alumnado, así como a concreción das medidas correctoras aplicables no caso de incumprimento. Todo isto queda regulado polo Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Os valores que se perseguen están en íntima relación cos temas transversais tendo como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia, e que son os seguintes:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita. O seu tratamento é claro a través da lectura e construción de todo tipo de textos, análise e busca de información sobre autores, épocas ou estilos artísticos.
- Comunicación audiovisual, TIC e os riscos da súa utilización. Está presente outra vez a través da busca de información, e tamén a través dos medios de gravación e edición de son e imaxe e a súa publicación. Sempre que se utilicen tecnoloxías que impliquen o acceso ou manipulación de contidos, xa sexa na Internet ou en outros medios, farase fincapé na prevención e nos riscos que existen e que se deben evitar.
- Educación cívica e constitucional. Fomentárase a través da convivencia diaria, respectando sempre os dereitos e liberdades dos demais, promovendo a adopción doutros puntos de vista e a valoración de opinións ou posturas distintas á propia.
- O emprendemento. As actividades que implican a creación ou a improvisación son claves para desenvolver este apartado. Tamén se pode impulsar mediante a participación no deseño das actividades da aula ou coa toma democrática de decisións.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero. O ambiente é fundamental, e nunca se dividirá ó alumnado por razóns de sexo, nin será esta unha razón para distribuír a realización das distintas tarefas. As letras dos textos escollidos non serán sexistas e ademais coidarase que os contidos que o alumnado escolla sexan

respectuosos, inculcando este valor dunha forma natural

- Non discriminación por calquera condición. O tratamento deste punto é similar ao anterior, e é de vital importancia xa que cada vez máis a interculturalidade é un feito cotiá.

- Resolución pacífica de conflitos e prevención de calquera forma de violencia. A propia actitude do mestre é moi importante, e mostrarase sempre unha perspectiva construtiva para solucionar os conflitos, propoñendo saídas o máis xustas posibles para todos. Tamén se intentará favorecer unha perspectiva crítica do alumnado fronte aos problemas de convivencia cotiás, de modo que pouco a pouco sexa capaz de resolvelos pola súa conta.

- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente. A ensinanza de hábitos de consumo sostible alcánzase a través da realización de actividades con materiais de refugallo, ademais da toma de conciencia das consecuencias que ten unha actitude consumista no medio ambiente.

- A seguridade viaria. O mestre favorecerá o respecto polas normas de circulación como outras máis necesarias para a convivencia e para a seguridade propia e allea.

7.6. LIÑAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As accións previstas neste apartado atópanse no Plan Xeral de Atención á Diversidade e no Plan Anual de Atención á Diversidade. (atópase na secretaria do centro)

7.7. CRITERIOS DE PROMOCIÓN EDUCACIÓN PRIMARIA

Atendendo a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º de educación primaria e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción, a decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa en menos de tres materias. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción o finalizar 2º, 4º e 6º o alumnado que se cumpran tamén as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco ou suficiente.

- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle

permite seguir con éxito o curso seguinte.

- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Nos cursos de 1º, 3º e 5º a promoción será automática. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas.

En canto ao alumnado con NEAE tal e como se recolle na ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no seu artigo 55.11 e 55.12:

- A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna.
- Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirilles a promoción ou titulación.

Por último facer referencia a ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato que ten por obxecto establecer as garantías para unha avaliación do alumnado conforme criterios obxectivos e o procedemento de reclamación das cualificacións, promoción e titulación.

7.8. COORDINACIÓN ENTRE NIVEIS E ETAPAS

A coordinación entre niveis e etapas para garantir a continuidade do proceso de formación e una transición entre niveis e etapas (partindo do artigo 18 do Decreto 155/2022), basearase especialmente, na toma de decisións conxuntas sobre aprendizaxes. A coordinación realízase a través da comisión de coordinación pedagóxica, claustros, departamento de orientación, reunión de ciclo ou interniveis e as diferentes coordinacións existentes no centro para levar a cabo a actividade docente.

8. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

8.1. PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMANDO

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

8.2. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

Este Proxecto Educativo e Funcional fará referencia aos seguintes documentos de xestión que se revisarán e actualizarán periodicamente:

- Normas de Organización e Funcionamento.
- Programacións Docentes.
- Programación Xeral Anual.
- Plan de acollida de centro.
- Plan de Atención á Diversidade.
- Plan Lector (incluído na PXA).
- Plan de Convivencia. (incluído no Anexo do PEF)
- Plan de autoprotección.
- Proxecto Lingüístico (incluído na PXA).
- Plan de integración TIC (incluído na PXA).
- Plan de Acción Titorial (incluído na PXA).
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables. (incluído na PXA).
- Proxecto de Voz Natura. (incluído na PXA).

Seguindo o artigo 11 Orde do 26 de maio de 2023 polo que se desenvolve o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia, e de acordo cos artigos 33, 34 e 35 deste Decreto o plans de: lectura, biblioteca, dixital e actividades físicas e hábitos saudables que se desenvolverán no Centro e concretáranse na PXA.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CEIP Plurilingüe Vila de Cee

Rúa da Escola nº 9
15270 Cee (A Coruña)

ceip.viladecee@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

Tífono, 881880455

galicia

DIVULGACIÓN E APLICACIÓN

O centro divulgará este documento por diferentes medios á comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos/as. O presente Proxecto Educativo é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar do CEIP Plurilingüe Vila de Cee dende o día seguinte da data de aprobación ata a seguinte revisión e modificación.

Realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptar o PEF ás novas circunstancias ou a modificacións legislativas. Estará sempre supeditado á lexislación vixente.

Ademais, e para que este documento sexa sempre significativo, someterase a avaliacións permanentes anuais, con especial atención a aqueles apartados que necesiten ser renovados ou revisados, ou que por calquera causa precisen dunha mellora ou adaptación.

ENTRADA EN VIGOR E APROBACIÓN

Este documento entra en vigor o día 11 de outubro de 2023, tras ser aprobado por maioría no consello escolar do día 10 de outubro de 2023.

Director/a

Asdo. M.^a José Rodríguez Pérez.

ANEXOS

ANEXO I PLAN IGUALDADE

ANEXO 2 PLAN DIXITAL

**ANEXO 3 PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E
HÁBITOS SAUDABLES**

ANEXO 4 PLAN LECTOR (en elaboración)

ANEXO 5 PLAN DE BIBLIOTECA (en elaboración)

ANEXO 4 PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL (en elaboración)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CEIP Plurilingüe Vila de Cee

Rúa da Escola nº 9
15270 Cee (A Coruña)

ceip.viladecee@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

Tífono, 881880455

galicia

PLAN DE IGUALDADE





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CEIP Plurilingüe Vila de Cee

Rúa da Escola nº 9
15270 Cee (A Coruña)

ceip.viladecee@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

Tífono, 881880455



CEIP PLURILINGÜE VILA DE CEE

ÍNDICE

1. Introducción.

2. Contextualización normativa e do centro.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización do centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Seguimento e avaliación.

1. INTRODUCCIÓN.

Consideramos de vital importancia a introducción de palabras e conceptos clave no vocabulario da igualdade, co fin de entender e comprender o contido e finalidade do Plan de Igualdade do centro.

- Coeducación: Método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta e que presenta unhas bases que se asentán no recoñecemento das potencialidades e individualidades de nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, polo tanto, educar desde a igualdade de valores das persoas.
- Escola Mixta: Modelo educativo no que conviven, nun mesmo espazo, alumnas e alumnos.
- Androcentrismo: Visión do mundo e das cousas, desde o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida de todas elas, ocultando e facendo invisible todo o demáis, entre elas as aportacións e contribucións das mulleres á sociedade. Unha visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina sería "a universal", a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina.
- Machismo: Comportamento de desvalorización cara as mulleres. Responde a unha forma particular de organizar as relacións entre os xéneros. Caracterízase polo énfase na virilidade, a forza e o desinterese respecto ós asuntos domésticos por parte dos varóns. A desigual distribución do exercicio do poder sobre outros ou outras conduce á asimetría na relación entre ámbolos dous sexos.
- Patriarcado: Literalmente significa "gobierno dos pais" pero as interpretacións críticas desde o feminismo refírense a él como un sistema ou organización social de dominación masculina sobre as mulleres que foi adoptando distintas formas ó longo da historia.

Feminismo: Corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre ámbolos dous sexos. Constitúe unha forma diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos.

Acción Positiva: Medidas dirixidas a eliminar as desigualdades existentes contra grupos historicamente discriminados. Son medidas temporais coas que se pretende suprimir e compensar as desventaxas existentes.

- Sexismo: Teoría baseada na inferioridade do sexo feminino que vén

determinada polas diferencias biolóxicas entre homes e mulleres. A construción dunha orde simbólica na que as mulleres son consideradas inferiores ós homes. Implica unha serie de comportamentos e actitudes estereotipadas que conducen á subordinación dun sexo con respecto ó outro.

-Rol: Función ou papel que asume unha persoa nun determinado contexto. O rol de xénero, alude ás conductas que se consideran adecuadas para homes e mulleres nunha sociedade .

- Estereotipo: Imaxe estruturada e aceptada pola maioría das persoas como representativa dun determinado colectivo.

- Xénero: O concepto de xénero non é válido para explicar as diferenzas de actividades entre homes e mulleres. O concepto de xénero é unha categoría de análise que permite diferenciar e separar o biolóxico (atribuído ó sexo) do cultural (determinado polo xénero).

- Identidade de xénero: é o sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos xenitais ou a dotación cromosómica que a persoa posúa.

- Orientación sexual: é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara outras persoas.

- LGBTI: Son as siglas que designan colectivamente a Lesbianas, Gays, Bisexuais, persoas Transxénero e Intersexuais. No sentido estricto agrupa ás persoas coas orientacións sexuais e identidades de xénero referidas a esas catro palabras, así como as comunidades formadas por elas.

-Plans de igualdade: Estratexias encamiñadas a lograr a participación activa das mulleres en tódolos ámbitos da sociedade mediante a definición duns obxectivos que se concretan en actuacións a curto e medio prazo. As actuacións implican ás diferentes entidades da administración pública e ós axentes sociais.

É importante destacar que a condición de persoa transexual non é deliberada ou caprichosa. Tampouco é un trastorno mental nin do comportamento. É unha condición coa que se nace, que pode manifestarse a partir dos dous anos e medio, pola que o sexo sentido ou psicolóxico, que é o que realmente determina a identidade, non coincide co fisiolóxico ou aparente.

¿POR QUE TRABALLAR A COEDUCACIÓN NA ESCOLA? Porque o sistema educativo non é algo neutro, deberá proporcionar unha verdadeira igualdade de oportunidades e a escola debe ser unha institución activa na loita contra as

desigualdades entre nenas e nenos. Porque o sexismo é un problema invisible, do que normalmente non é consciente nin o alumnado nin o profesorado. Porque a práctica escolar debe deixar de ser reproductora da orde social, onde vemos reflexada a desigualdad que homes e mulleres sufren no seu día a día; e converterse en transformadora. Tanto a educación como a escola son pezas fundamentais para o cambio, aínda que este non sexa un proceso fácil.

A educación afectivo-sexual, nomeadamente no relativo á identidade sexual, así como a diversidade sexual, son disciplinas necesarias no ámbito educativo, polo cal é imprescindible proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara ao alumnado trans.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O C.E.I.P. Vila de Cee está situado no concello de Cee (núcleo urbano) na costa occidental galega, coñecida por “Costa da morte” inmerso na comarca de Fisterra na provincia de A Coruña.

TITULARIDADE:

O centro é de titularidade pública, polo que o financiamento corre a cargo da Administración educativa e o ensino é gratuíto. Na actualidade acolle a alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria.

NIVEIS :

Ten 16 unidades distribuídas da seguinte maneira : 4 de infantil e 12 de primaria

ESTRUCTURA DO CENTRO:

En total no centro hai os seguintes espazos :

16 aulas que acollen ós 16 grupos de alumnos, 2 aula de idiomas, 1 aula de

Pedagogía Terapéutica , 1 de Audición e Linguaxe , 1 aula mixta de AL e PT e 1 aula de música.

1 biblioteca

1 aula de informática.

1 sala de profesores e profesoras

1 despacho para a dirección

1 despacho para a secretaría e administración

1 despacho para a xefatura de estudos

1 despacho do D.O

1 aula de madrugadores

1 aula de psicomotricidade

11 aseos: 8 para o alumnado e 3 para o profesorado 1 cociña

1 comedor

1 pavillón

1 cuarto de almacenamento de material de deporte

3 patios de recreo descubertos: Un para infantil, e dous para o resto do alumnado 1 patio cuberto con dous aseos,

5 piletas para lavar as mans (alumnado de EI) na entrada do patio cuberto

ALUMNADO PARA O CURSO 2023/2024

Educación Infantil:

Curso	3 anos A	4 anos A	4 anos B	5 anos A	Total
Nº	21	14	15	20	70

Educación Primaria:

Curso	1ºA	1º B	2ºA	2ºB	3º A	3º B	4º A	4º B	5º A	5º B	6º A	6º B	Total
Nº	22	22	22	23	18	19	20	20	22	21	17	16	312

MARCO XURÍDICO:

Este Plan de Igualdade fundaméntase no marco xurídico do que a continuación se recollen os elementos máis relevantes:

- A Constitución Española, no seu artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo: “Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”
- A Constitución Española, no seu artigo 9.2, proclama: "Corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en que se integra sean reales y efectivas, remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, económica, cultural y social."
- A Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), sinalao en diversas ocasións: “Un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo Español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xusticia, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación” (Preámbulo). “O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero” (Art. 1, apartado I).

A Ley Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que tamén fai referencia á educación: “A conquista da igualdade e o respecto á dignidade humana e á liberdade das persoas teñen que ser un obxectivo prioritario en tódolos niveis de socialización (Exposición de motivos)”. “O sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así coma no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos” (Art. 4.1).

- A Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo de 2007, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres, refírese tamén á igualdade no marco do ensino: “As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos

estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes” (Art. 24.1).

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No artigo 7 de dereitos e liberdades do alumnado establece o seguinte:

“ b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.”

“ c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.”

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No capítulo 1 artigo sinala:

“ Artigo 4. Principios xerais de actuación.

A atención á diversidade rexirase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.”

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. No título 1 de disposicións xerais:

“ Artigo 1. Obxecto da lei

1. O obxecto desta lei é garantir eo principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.

2. Esta lei establece principios e medidas destinadas á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado, e dentro do ámbito de aplicación contido no artigo 2.”

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 dexuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de

convivencia escolar. Este decreto regula o plan de convivencia do centro educativo.

- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Esta lei ten como obxecto introducir os cambios xurídicos-procesais e sustantivos no sistema de protección de menores para adaptalo ás propostas e recomendacións tanto do Defensor do Pobo, a Fiscalía Xeral do Estado, así como diversos convenios internacionais que están vixentes desde 1996, naqueles ámbitos considerados como materia orgánica, ó incidir nos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

A finalidade deste protocolo é favorecer a inclusión educativa, asumir a igualdade e a diversidade como valores capitais e irrenunciáveis, de maneira que todas as persoas que conforman a comunidade educativa respeten e fagan respetar os dereitos humanos. Por iso será imprescindible facilitar ó alumnado trans e intersexual, a construción da súa identidade e a súa participación activa na vida do centro. Nos centros existe unha gran diversidade, e polo tanto, é a nosa responsabilidade que esta diversidade sexa respetada e protexida... adoptar pautas que permitan ós centros educativos. previr situacións de malestar, discriminación, acoso ou trato desigual.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

No centro estamos comprometidos e defendemos a igualdade entre todos e todas, independentemente das particularidades de cadaquén en canto a sexo, raza, relixión ou calquera outra condición. Para iso levamos a cabo distintas actuacións:

- Crear espazos de ocio agradables e educativos que preveñan o conflito e faciliten a relación entre iguais.
- Distribuír o patio equitativamente.
- Ofrecer unha ampla variedade de espazos que favorezan os xogos creativos e reduzan as aglomeracións e marxinacións e faciliten as relación sociais.
- Estimular xogos diferentes.
- Promover xogos cooperativos e interculturais.

- Crear obradoiros dos xogos tradicionais.
- Fomentar o deporte dende equipos coeducativos.
- Facilitar espazos que faciliten habilidades sociais.
- Crear contextos agradables, que faciliten as relacións: xardíns, zonas de xogos, areeiros, ...
- Favorecer as relacións de igualdade entre os sexos.
- Favorecer as actividades persoais e sociais.

CONTIDOS A TRABALLAR

- O patio.
- Creación de espazos agradables.
- Organización por cursos dos espazos creados.
- Dotación dos espazos: papeleiras de reciclaxe, rincón de compós,...
- Mantemento do xardín.
- Distribución de espazos por cursos e xogos.
- Organización de xogos cooperativos e interculturais.
- Organización do material de xogo: distribución, recollida, bo estado,....
- Organización de equipos mixtos para as actividades deportivas.
- Non se admitirán no centro docente as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas adolescentes. Aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.
- Dirixirémonos ao alumnado polo nome que se acorde entre os representantes legais, dirección, titoría, orientación e o alumno/a en tódolos aspectos legais. Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados de xeito inequívoco.
- Facilitarase o acceso ós aseos correspondentes ao xénero co que se identifica.
- Garantizarase o dereito a elixir a propia imaxe.

- Garantirase a difusión da realidade sobre a diversidade de xénero.
- Actuarase dacordo co dereito á privacidade e honra.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A discriminación de xénero dentro do sistema educativo pode darse: Tanto no currículo aberto:

- Libros de texto onde a omisión de personaxes e formas de vida femininas é clara.

Como no currículo oculto:

- Adxectivos diferenciadores de xénero e maior adxectivación para as nenas, reforzando estética, submisión...fronte a forza e intelixencia.
- Linguaxe de omisión do feminino
- Expectativas de estudos e traballo dende unha división de xénero.
- Infravaloración das profesións “feminizadas”.
- Ausencia ou presenza escasa en cargos directivos ou de decisión.
- Reparto desigual de espazos e tempos (patio escolar).
-

E non é fácil evidencialo porque:

- Maioritariamente os seus indicadores son invisibles. (Currículo oculto)
- Dase unha escola que se define como neutra (Modelo único)
- Responde a comportamentos naturais, aprendidos, rutinarios e polo tanto inconscientes. Alumnas e mestras reproductoras)
- Mestúrase con outros factores de clase, cultura, étnica ... máis evidentes (Problema social-cultural), exemplo da rapaza xitana.

En xeral, a diversidade de xénero recoñecese como un contido transversal e non como un problema estrutural de discriminación de xénero, de xerarquización de xéneros en todo o sistema social.

A nosa proposta é a seguinte:

- Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso do profesorado, do

alumnado e de toda a comunidade educativa nos valores educativos, sociais e culturais de igualdade entre mulleres e homes.

- Promover cambios de actitudes no alumnado para romper estereotipos.
- Diseñar estratexias educativas que permitan mellorar a práctica da igualdade no centro.
- Concienciar a comunidade escolar sobre a orixe educativa da violencia xénero.
- Valorar a importancia e fomentar a participación da muller na vida pública.
- Favorecer a educación en actitudes e valores asociados á práctica efectiva da igualdade.
- Facilitar o intercambio e difusión de materiais e experiencias para unha educación na igualdade.

-Crear espacios de ocio agradables e educativos que preveñan o conflito e faciliten a relación entre iguais.

- Distribuír o patio equitativamente.

-Ofrecer unha ampla variedade de espacios que favorezan os xogos creativos e reduzan as aglomeracións e marxinacións e faciliten as relación sociais.

4. 2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

O Convenio do Consello de Europa define a violencia de xénero aquel tipo de violencia dirixida contra a muller porque é muller, ou que afecta ás mulleres en forma desproporcionada (Consello de Europa, 2011). Unha visión global das diferentes formas de violencia de xénero contra as mulleres aparece asimesmo nas Conclusións do Consello da Unión Europea de 5 e 6 de xuño de 2014, que inclúen como tales a violencia nas relacións íntimas; a violencia sexual (incluíndo violación, asalto sexual e o acoso en tódolos ámbitos, públicos e privados, da vida); o tráfico de seres humanos; a escravitude; a explotación sexual; prácticas nocivas como os matrimonios infantís ou forzados; a mutilación xenital feminina e os delitos cometidos en nome da honra; así como novos tipos de violación, como o acoso en liña, diversas formas de abuso sexual instigado ou facilitado a través do uso da información e das tecnoloxías da comunicación, o acoso e a intimidación (Consello de la Unión Europea, 2014).

Temos que destacar a importancia da escola na construción dunha cultura de xénero positiva, potenciadora da igualdade de oportunidades entre nenos e nenas e decididamente destructora de prexuizos e estereotipas sexistas, aliñada coa prevención da

violencia de xénero. Documentos clave que regulan a vida do centro escolar, como o proxecto educativo, que recolle valores, obxectivos e prioridades de actuación; o plan de convivencia —co seu elenco de dereitos e deberes do alumnado—; ou as nof (normas de organización e funcionamento do centro).

Tamén os materiais didácticos contan cunha potente influencia e capacidade persuasiva, constituíndo mecanismos de transmisión dunha determinada perspectiva do masculino e do feminino, e eventualmente de estereotipas sexistas, que moldean os contidos curriculares, sendo importantes vehículos educativos para traballar na igualdade de xénero.

Finalmente, obxectivos ambiciosos e complexos como o desenvolvemento da capacidade para a resolución de conflitos e a prevención da violencia de xénero, por medio da cimentación dunha cultura de igualdade, esixen un esforzo compartido que nos remite a tódolos colectivos da comunidade educativa, e de forma principal do profesorado. Nós mesmos non somos conscientes do extraordinario potencial que as nosas prácticas docentes teñen, influenciando ó alumnado, polo que debemos desenvolver estratexias de reflexión crítica e por en marcha accións que leven a recoñecer a desigualdade de xénero nas aulas —coa súa consecuencia máis extrema, a violencia de xénero—, desmontar aquelas praxes educativas que a reforzan, e sustituílas por boas prácticas en equidade de xénero.

O noso obxectivo é previr os casos de violencia de xénero, e as actuacións que levamos a cabo para este fin son:

Igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero, como premisas na escola:

- Interiorización polo alumnado do valor da igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Necesidade de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, e que preveñan decididamente a violencia de xénero.

Prexuízos e estereotipas de xénero nos materiais educativos:

- Contidos que revelaran estereotipas sexistas ou discriminatorias nos materiais educativos no pasado.
- Contidos que revelan estereotipas sexistas ou discriminatorias nos materiais educativos na actualidade.
- Contidos que fomentan de forma explícita e decidida o igual valor de homes e mulleres.

Resolución pacífica de conflictos e prevención da violencia de xénero nos principais documentos educativos:

Previsións no **Proxecto Educativo** sobre desenvolver no alumnado a capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos, así como en materia de prevención de violencia de xénero.

Actuacións recollidas no **Plan de Convivencia** do centro tendentes á resolución pacífica de conflitos, particularmente aquelas orientadas á prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

O papel do Consello Escolar do centro:

Posta en marcha desde o Consello Escolar do centro de medidas dirixidas á prevención da violencia de xénero: existencia (de ser o caso) e detalle e descrición das mesmas.

Sensibilidade e formación do profesorado para educar en igualdade e previr a violencia de xénero.:

Sensibilidade ou interese por parte do profesorado por educar en valores que fomenten a non violencia, a resolución pacífica de conflitos, e que preveñan a violencia de xénero.

Formación específica neste ámbito.

As familias diante da igualdade e a prevención da violencia de xénero:

Sensibilidade ou interese das familias por actividades educativas dirixidas á igualdade e á prevención da violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

Millóns de persoas no mundo son discriminadas ou perseguidas pola súa identidade de xénero ou orientación sexual. Moitas delas ven na migración a única saída para poder vivir a súa sexualidade con liberdade e plenitude, ou incluso para escapar do cárcere, a tortura, a violencia ou a morte.

É por isto polo que dende a escola temos que apoiar á diversidade sexual, promovendo o respecto ás diferentes manifestacións da sexualidade, rompendo os prexuízos, reclamando a educación nesta materia e rematando coa discriminación cara as persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, intersexuais ou de calquera outra orientación sexual ou identidade de xénero. É un factor fundamental para a

saúde sexual e para a vida plena en xeral.

Ningunha persoa debería ser discriminada por razón de sexo, xénero, idade, orixe étnica, orientación sexual, relixión, lingua, discapacidade ou calquera outro motivo. A discriminación da diversidade sexual sostense na creencia (e na imposición) dun único modelo sexual, con variantes permitidas e xerarquías creadas por xénero, sexo, orientación sexual, prácticas sexuais e nas redes e apegos.

Pero, lonxe desta idea, a realidade é que as sexualidades son infinitas e existe unha gran diversidade de identidades de xénero e orientacións do desexo que se están limitando e discriminando por unhas expectativas creadas según corpo, cultura e historia.

A discriminación mina os esforzos para conseguir un mundo máis xusto e equitativo e provoca dor e sufrimento a moitas persoas. Pola contra, a diversidade enriquece as sociedades e fortalece ás comunidades e á cohesión social, o que nos beneficia a todos e a todas. Por iso representa unha oportunidade para que a través da educación transformemos o mundo cara unha sociedade igualitaria e xusta.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

Por desgracia a LGTBIfobia (o odio e o rexeitamento cara as persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais ou intersexuais) mantense na nosa sociedade, amosándose con moitas e diversas caras. A discriminación exercida contra este colectivo é violencia e como tal debe ser denunciada e condenada enérxicamente pola sociedade. Existe consenso sobre a gravidade das agresións no ámbito educativo por intolerancia á diversidade afectivo-sexual. Fenómenos coma a LGTBIfobia, o acoso a persoas lesbianas, gais, transexuais e bisexuais (LGTBI), ten graves consecuencias para a saúde física e psíquica das vítimas. A orixe destas agresións atópanse en valores coma o machismo, a intolerancia ou o uso da violencia fronte ó diálogo.

Sentirse respaldado polo centro axuda ó alumno/a a evitar o acoso LGBT-fóbico mentras que o silencio por parte do mesmo remata na permisión destes actos, coa consecuente transmisión dunha LGBT-fobia institucionalizada.

Saber onde, cando e como se produce o acoso por homofobia e transfobia favorece unha intervención máis efectiva para erradicala: establece ferramentas de avaliación anónimas e efectivas sobre o clima de convivencia no centro, incluíndo, entre outras, a discriminación por homofobia ou transfobia.

Debemos establecer mecanismos confidenciales e efectivos para informar e responder ó acoso escolar por homofobia e transfobia. Proporcionar respaldo ó alumnado que o sofre, actuar con quen es agreden ou presencian pasivamente, facilitar recursos ás familias ou adultos responsables, asegurarnos de que o alumnado coñece os protocolos de actuación e confía na efectividade dos mesmos.

Permitiremos que o alumnado vaia ós aseos e vestiarios que lle corresponda segundo a súa identidade de xénero.

Revisaremos os diferentes formularios (follas de matrícula, fichas de tutoría, etc.) que debe cubrir cada estudante para evitar a presunción de heterosexualidade das familias. Non tódalas familias están compostas por un pai e unha nai. Recordar que fai pouco máis dunha década que ese permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

Todo o persoal do centro trata ó alumnado trans conforme ó nome e ó xénero elexidos. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ó persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.

O alumnado ten dereito a expresar libremente o seu xénero e a vestir en consonancia coa súa identidade de xénero: a visibilidade que implica o cambio de vestimenta forma parte dun proceso que debe ser apoiado e acompañado.

A privacidade e a intimidade do alumnado LGTB ten que ser respetada en todo momento polos compañeiros e o persoal docente e non docente.

Na biblioteca do centro hai materiais relativos á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero que sirven como recursos pedagóxicos ó persoal docente e de referencia para o alumnado. É importante que estes materiais non se encontren en espazos diferenciados, senón que deben estar integrados entre os diferentes recursos sobre sexualidade, familias, ...

O Equipo o Departamento de Orientación, pon a disposición de quien lo requiera material informativo sobre las realidades LGBT, así como una lista actualizada dos recursos dispoñibles na localidade ou a zona. É preciso ofrecer información concreta e completa sobre estos recursos: que pode esperar o alumnado destes recursos, a que horas poden asistir, como chegar ou como será o lugar.

Importante na clase:

- Non obviar o interese dos estudantes cara cuestións relativas á sexualidade, o desexo e o amor, incluso durante as clases que non se prestan para isto, xa que

esta atópase moi presente entre as preocupacións do alumnado. É moi importante deconstruír os mitos e estereotipos sobre sexualidade, xénero e orientación sexual e traballar estas cuestións de forma transversal en tódalas asignaturas, sen reduci-lo a xornadas específicas.

- Traballar os roles de xénero é unha boa estratexia para abordar a cuestión co alumnado máis novo. Promove xogos coeducativos non sexistas, impulsa o uso non parcializado por sexos dos espazos recreativos e incentiva a lectura de contos sen estereotipos de xénero.
- Evitar facer grupos utilizando o sexo como criterio. Utilizar a creatividade e dividir ó alumnado en base a outras características: idade, meses de nacemento, posición entre irmáns, números, orde alfabético, etc.
- Visibilizar a homofobia e transfobia que se esconde detrás de insultos como «maricón», «bollera», «travelo» ou «marimacho», que poden facer sentir mal a varias persoas na aula, incluso aínda que non vaian dirixidos contra eles. Traballar para erradicalos da clase e do centro. Cada comentario homófobo ou tránsfobo é unha oportunidade educativa para traballar o respecto á diversidade.
- Responder inmediatamente ós comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean ou non dirixidos a persoas LGBT. Isto mellorará o ambiente de convivencia en xeral, ó tempo que fará que o alumnado LGBT se sinta protexido fronte ás agresións.
- Demostrar empatía e comprensión á hora de intervir ante comportamentos homófobos. Preguntar ó alumnado se saben o que significan realmente eses insultos e comparalos con termos despectivos que vaian dirixidos a outros grupos de persoas: inmigrantes, maiores e incluso á xuventude (certos adultos desprecianos).
- Introducir nas aulas referentes sobre as diferentes orientacións sexuais e de identidade de xénero: hai multitude de destacadas figuras da historia, a ciencia, a literatura, a relixión e o arte desexaron e quixeron a persoas do seu mesmo sexo ou que viviron máis alá das normas de xénero da súa época.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5. 1. Organización do centro.

Anteriormente, no apartado 2, sinalamos como é a organización do centro. Todos os espazos e instalacións estarán preparados para a utilización tanto de nenos coma de nenas, o seu uso quedará supeditado á actividade para realizar neles e nunca suporán unha discriminación por sexo. Tan só nos aseos e vestiarios que deben quedar perfectamente indicados o uso masculino e o feminino. Tamén se expoñerá claramente nos materiais do centro o seu uso comunitario: compartido por alumnos e alumnas, ou no seu caso por profesores – profesoras, ou pais-nais. A persoa encargada dos materiais educativos ou no seu caso os usuarios destes (profesores e profesoras ou persoal docente) vixiarán porque os materiais non conteñan ningún elemento discriminatorio por cuestión de sexo. Igualmente previa a adquisición de novos materiais debe vixiarse de que non conteñan propostas discriminatorias por razón de xénero ou outros motivos que supoñan rexeitamento dos usuarios aos que se destinan estes materiais.

5. 2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Existen diversos estudos que tentan explicar como se adquiren os estereotipos de xénero durante a infancia e como se poden evitar. Os teóricos da aprendizaxe social consideran que estes son pautas de conduta aprendidas mediante a experiencia directa e indirecta, e a observación.

Modificar os contidos sexistas nos materiais educativos, formar ao profesorado en propostas pedagóxicas como a coeducación, así como realizar cambios físicos nos propios espazos das escolas que favorezan a igualdade de xénero son algunhas das ideas que suxerimos para poder cambiar os estereotipos sexistas desde a infancia. Tamén coinciden en que tanto os docentes como as familias deberían traballar xuntos para romper estereotipos e favorecer a igualdade de xénero tanto na escola como na sociedade en xeral.

O respecto ao outro e a non violencia apréndense sobre todo coa práctica das relacións que nenos e nenas establecen na familia e na escola, e é difícil que devanditos valores se poidan ensinar se as persoas que o fan non se comportan dacordo con eses valores.

En Primaria e sobre todo en Educación Infantil o alumnado ten unha gran receptividade á hora de aprender, polo que constitúen as etapas idóneas para que os nenos e nenas asimilen de pautas de conduta igualitarias.

Como medidas de centro, levaremos a cabo as seguintes:

- Revisar materiais didácticos co fin de revisar a perspectiva de xénero.
- Pautas para a revisión dos documentos internos e aplicar medidas reparadoras.
- Espacio web dentro do blogue do colexio.
- Implicar as familias na elección de actividades deportivas co fin da inclusión da muller.
- Materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- Promover a imaxe das mulleres para que o alumnado dispoña de referencias..

5. 3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

Espazos:

- Organizamos os patios de recreo de forma inclusiva de tal xeito que non prevaleza o fútbol (nin o deporte en xeral).
- Promover diversos xogos cooperativos.
- División dos espazos para permitir distintas actividades

Recursos para educar en igualdade:

Literatura infantil e vídeos: Existe moita literatura infantil onde os seus protagonistas rompen con roles e estereotipos de xénero, onde atopamos a princesas que loitan e deféndense, a mozos que choran e amosan libremente os seus sentimentos. Na internet preséntanse diversos recursos que recomentan libros non sexistas para traballar na clase. Podemos empregar libros de ficción cuxos contidos potencian a igualdade de oportunidades, a superación de clichés de xénero, etc. Tamén existen diferentes recursos audiovisuais para traballar a equidade de xénero entre os máis pequenos da escola.

Recursos educativos e cursos para o profesorado:

Fundacións relacionadas coa educación, as administracións públicas, editoriais e mesmo o propio profesorado comparten na internet diversos proxectos educativos, recursos didácticos e cursos dirixidos a docentes para poder traballar en Educación Infantil e Primaria o tema da igualdade de xénero. Na web *Educación en igualdade* recompiláronse unha gran cantidade de recursos existentes para traballar o tema na aula. No portal pódense atopar guías didácticas para o profesorado, creadas polas diferentes consellerías de educación das comunidades autónomas, ata materiais

docentes publicados por organismos internacionais.

5. 4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

As medidas que se levarán a cabo para a inclusión dos valores coeducativos no centro son as seguintes:

- a) Posta en marcha do Plan de Convivencia.
- b) Organización do centro para a mellora da convivencia.
- c) Avaliación previa da cultura, a política e a práctica inclusiva no centro.
- d) Realización de actividades interculturais.
- e) Desenvolvemento do programa de mediación para a resolución colaborativa de conflitos.
- f) Apoios inclusivos co alumnado con necesidades específicas.
- g) Accións con distintos sectores institucionais e sociais do entorno.
- h) Inclusión da competencia social e cidadá e da ensinanza dos valores democráticos.
- i) Actuacións dirixidas a favorecer a igualdade entre homes e mulleres e evitar a discriminación en función do sexo ou orientación sexual.
- j) Xestión de conflitos buscando unha solución consensuada, de ser posible, entre as persoas implicadas.
- k) Favorecer a inclusión de todo o alumnado do centro, independentemente das súas condicións persoais, sociais ou culturais.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para acadar os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Traballo, vaise a levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá saber se os obxectivos prantexados están sendo os adecuados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así poder realizar as modificacións oportunas. Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa comunidade educativa, así coma a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os

resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

Para todo isto, empregaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

Indicadores de éxito do traballo realizado.

Terá éxito a efectos de avaliación, do alumnado, do profesorado e da propia tarefa:

Se a participación e implicación do alumnado e do profesorado implicado foi boa.

Se a dinámica dos grupos foi verdadeiramente fluída e cooperativa.

Se o grao de autonomía dos grupos e o material elaborado foi de calidade e libre de sesgos sexistas.

Se as controversias conceptuais e a reflexión colectiva e individual en torno ó tema aportaron valores de equidade e xustiza social.

Se se empregou unha linguaxe integradora con ámbolos sexos e libre de prexuízos sexistas.

Se o ambiente favoreceu a expresión sá e libre dos sentimentos e permitiu a expresión da identidade de xénero coa que cadaquén se sente identificada.



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE VILA DE CEE

[Versión 2.0_ setembro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

3. **Plan de Acción**

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe Vila de Cee está situado na capital do concello. Cee é o centro administrativo e de servizos da Comarca de Fisterra, dentro da zona coñecida como Costa da Morte. O municipio ten unha superficie de 54.2 km² nos que viven algo máis de 7500 habitantes distribuídos en 6 parroquias: A Ameixenda, Brens, Cee, Lires, A Pereiriña e Toba.

O noso centro está situado na Rúa de Escola, perpendicular a unha das estradas principais a Avda de Fernando Blanco, cerca do polideportivo e con acceso ao transporte escolar así como a dos familiares que achegan aos rapaces en coche.

No centro impártese as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e a sección bilingüe. Ademais tamén temos concedido o programa PROXECTA + (programa ARCO e PROA) do fondo social europeo.

A páxina web do centro é a seguinte: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

A dirección de email é ceip.viladecee@edu.xunta.gal.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A poboación dedícase á industria Ferroatlántica, servizos, agricultura e comercio. No concello contamos con servizos como Hospital, Facenda, Oficina do INEM, casa da cultura, museo Fernando Blanco, centro comercial con cine, mercado municipal, escola municipal de música, escola infantil, institutos con formación en educación secundaria, bacharelato e formación profesional, polígono industrial con diferentes empresas, entidades bancarias, hipermercados, hoteis, gasoleira, comercios, cafeterías, ...

Co desenvolvemento do Plan Dixital logramos acadar o seguinte obxectivo proposto no proxecto educativo do centro "Fomentar o uso da aula TIC como fonte de información. Pero como equipo pretendemos ir máis ala e facer da canle dixital un camiño diario na nosa escola e en xeral na nosa comunidade educativa. Preténdese que este documento pase a ser un eixo vertebrador das políticas e accións arredor do mundo das TIC no noso centro. Ademais, as iniciativas do Equipo de Dinamización de Plan Dixital enlazan directamente, no noso caso, cos do Equipo de Dinamización das TIC xa que, está conformado polas mesmas persoas e polo tanto, o proxecto deste último equipo ten puntos en común.

O Plan Dixital de centro pretende contribuir a un correcto aproveitamento e uso dos recursos tecnolóxicos dentro da nosa comunidade educativa. Tendo isto en conta, a PXA recollerá certos aspectos que se reflicten no documento de PD.

O PD, entre outras cousas, resposta as tarefas establecidas para o Equipo Tic na programación xeral anual. As tarefas son as seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro.
2. Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro.
3. Colaborar no mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais, contando co apoio do asesor TIC da zona.
4. Dar soporte ao profesorado sobre o uso didáctico do equipamento informático do centro.
5. Dar formación a profesorado e alumnado durante os meses de setembro e outubro no referente á aula virtual para preparalos para unha posible situación de ensino non presencial.
6. Elaborar o proxecto TIC cada ano e xestionar o sitio web do centro.

1. 3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

1. Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

2. Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

3. Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

4. Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1. 4. Proceso de elaboración

No centro contamos coa figura de mentora da Rede Galega Dixitalgal, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo. Todo foi consensuado no equipo coas achegas de todos e todas e redactado entre a mentora e o coordinador TIC.

Nesta versión do Plan Dixital tivéronse en conta os datos de análise do plan do ano pasado, polo que as táboas de acción seguen as mesmas liñas.

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No centro hai dispoñible conexión a internet por wifi e cable. Tamén contamos con liña telefónica, e teléfonos nos despachos de dirección, xefatura de estudos, secretaría, e en conserxería.

En cada aula hai un ordenador portátil do Mestre e un panel dixital interactivo dos que fomos dotados a finais do curso pasado. Tamén hai dispoñible un ordenador na biblioteca, dous na sala do profesorado, e nas aulas de PT, AL e orientación.

Contamos con unha aula específica de informática con ordenadores de sobremesa antigos e conexión a internet por cable.

O centro conta cunha páxina web onde se publican os documentos de centro e novas relevantes para a comunidade educativa, difúndense as actividades feitas no centro, etc; e onde se inclúe un apartado con información sobre a ANPA e a alerta escolar.

Durante os últimos cursos vense facendo uso da aula virtual, non só para alumnado confinado, senón que tamén para a comunicación co alumnado, programación de tarefas, etc., e de Aqueiro.

O profesorado e as familias están tamén acostumados ó uso de EspazoAbalar para a comunicación a través da mensaxería, notificacións, peticións de titorías, etc.

As incidencias informáticas solucionámolas, na medida do posible, os membros do Equipo TICs; e cando son máis complicadas temos contratado o servizo técnico nunha tenda de informática próxima, así como mediante a UAC, cando se trata de dispositivos outorgados pola propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Hai disponible na sala do profesorado unha “folla de incidencias” onde cada mestre pode escribir e deixar constancia de calquera problema que se producira na súa aula relacionado cos dispositivos electrónicos.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.8
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2.1
	Alumnado	2.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	2.7
	Alumnado	2.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.6
	Profesorado	3.8
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.6
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3
	Alumnado	2.6
G- Prácticas de	Equipo Direct.	2.7

avaliación	Profesorado	2.5
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.5
	Alumnado	2.4

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º total profesorado	% participación
DEFINITIVO	15	20	75%
PROVISIONAL	3	6	50%
INTERINO	4	5	80%
SUBSTITUTO	3	4	75%
DESPRAZADO/ OUTROS	0	1	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,5	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	73.6	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	77.2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	10	40%
B1	10	40%
B2	5	20%
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	25	100.00%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		C1: O equipo directivo e o profesorado considera que a infraestrutura dixital non respalda á ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL DOCENTE	D1: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman debater sobre as necesidades de PDC no relativo á ensanzas con tecnoloxías. D2: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman	B2: Tanto o equipo directivo como profesorado e alumnado consideran que non se debate sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. E2: o equipo directivo considera que o profesorado non crea

	<p>ter acceso a posibilidades de PDC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter posibilidade de compartir experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>E4: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> <p>-Tendo en conta o Test de CDD, o profesorado conta cun bo nivel de competencia dixital, adaptado as etapas que hai no colexio.</p>	<p>recursos dixitais para reforzar a súa labor de ensinanza.</p> <p>E5: o equipo directivo considera que o profesorado non utiliza recursos educativos abertos.</p> <p>F6: O equipo directivo considera que o profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>G1: O equipo directivo considera que o profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>G3: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado.</p> <p>G5: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G6: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non se utilizan tecnoloxía dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO		H7: O profesorado considera que o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.
FAMILIAS		



OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<p>A1: Tanto equipo directivo como profesorado indican a falta de estratexia dixital.</p> <p>A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B1: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non se avalían os seus progresos en materia de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C14: O profesorado considera que no centro os espazos físicos non facilitan a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxía dixitais.</p> <p>C16: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p> <p>G8: O profesorado considera que non facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a aprendizaxe.</p>

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
-----------------	----------------------	----------------



CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>- A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</p> <p>- É un incentivo para a mellora da calidade educativa.</p> <p>-A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade para cambiar e mellorar as cousas.</p> <p>-Existe mentor ADIX no centro e pode ser unha maneira de dar visibilidade e empoderar ao mesmo dentro da comunidade como pioneiro de algo novidoso.</p>	<p>- O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide adicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>-Escasa importancia das opinións do profesorado no desenvolvemento educativo.</p> <p>-Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.</p> <p>-As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>A5: Tanto equipo directivo como profesorado creen ter coñecemento sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para a ensinanza e o aprendizaxe pero a través de información da mentora e o equipo de dinamización do plan dixital sabemos que isto non se cumpre.</p>
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS	-Oferta de programas e	B3: O profesorado non utiliza



ENTIDADES	<p>proxectos para formación do profesorado.</p>	<p>ferramentas de colaboración con outras entidades.</p> <p>B4: O profesorado non colabora con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p>
------------------	---	---

3. PLAN DE ACCIÓN

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.



3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: ÁREA B COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO 1:	(B4) Poñer en marcha un proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.				Acadado	
Responsable:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Acadar un proxecto educativo polo menos por etapa relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor de partida:	Hai 0 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor previsto e data:	Hai 2 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear un equipo por etapa encargado de levar a cabo o proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.	Profesorado interesado en participar no proxecto.	16/10/23	Espazo para a reunión. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
		16/12/23	Equipos informáticos.		Realizada	



AO1.2: Creación de un proxecto por etapa e contacto cos outros centros.	Equipos creados especificamente para iso.		Profesorado implicado.		Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Posta en marcha dos proxectos creados.	Equipos creados especificamente para iso.	26/05/24	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional Continuo (D)						
OBXECTIVO 2:	Formar ao profesorado en competencia dixital (D1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades realizadas co alumnado cos paneis dixitais interactivos.					
Valor de partida	0 actividades realizadas en total co alumnado empregando os novos paneis dixitais interactivos entre as etapas de EI e EP.					
Valor previsto e data	10 actividades realizadas en total co alumnado empregando os novos paneis dixitais interactivos entre as etapas de EI e EP.			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Solicitud e creación dun PFPP cunha liña de creación de recursos para os paneis dixitais interactivos.	Persoa coordinadora do PFPP	15/10/23	Información a transmitir no claustro inicial.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realización de actividades co alumnado empregando os novos paneis interactivos.	Profesorado implicado no PFPP voluntario.	14/06/24	Conexión a internet Equipos informáticos Paneis dixitais interactivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestruturas e equipamentos (C)							
OBXECTIVO 3 :	Poñer en marcha a nova aplicación inventario (*C1)					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de aulas inventariadas do centro						
Valor de partida	0% de aulas inventariadas do centro						
Valor previsto e data	55% de aulas inventariadas do centro				Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1 Facer estudo do material inventariado de oficio na aplicación inventario.	Equipo Directivo Persoa Coordinadora do equipo TIC	Dependente da posta en marcha da aplicación por parte da Consellería.	Acceso usuario para aplicación Inventario. Equipamento informático.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2 Selección e formación do profesorado implicado no inventariado.	Profesorado implicado na posta en marcha da aplicación. Preferentemente do equipo TIC.	Finais do primeiro trimestre.	Reunión / Claustro.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3 Subida á aplicación Inventarios	Persoa que ostente a	Xuño 2024.	Arquivos co material inventariado.		Realizada		
					Aprazada		



archivos de material inventariado.	Secretaría do centro.		Equipo informático. Acceso aplicación inventario.		Pendente	
------------------------------------	-----------------------	--	--	--	----------	--

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dispoñemos no centro dunha infraestructura de datos de calidade que permite traballar no día a día.

No curso pasado chegaron o centro os paneis interactivos dende infantil ata 4º de primaria, os equipos avanzados para o Equipo Directivo e o equipamento de fenda dixital.

Seguimos a necesitar unha transformación da aula de informática, xa que só dispón de ordenadores obsoletos. Tamén un equipo para Orientación do centro e para 5B de primaria, que tamén resultan estar obsoletos.

Tamén destacar que é precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción, se nela se desenvolve algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro; que permita tamén achegar imaxes, arquivos de son, vídeos...

Por último para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración.

4. AVALIACIÓN DO PLAN

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 23-24. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 23-24. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.



5. DIFUSIÓN DO PLAN

O Plan Dixital do noso centro enviarase o claustro e ao Consello Escolar vía correo electrónico. Logo será aprobado en Consello Escolar e publicado na web do centro para a difusión entre a Comunidade Educativa.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CEIP Plurilingüe Vila de Cee

Rúa da Escola nº 9

15270 Cee (A Coruña)

ceip.viladecee@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

Tifno, 881880455

galicia

PLAN de ACTIVIDADES FÍSICAS e HÁBITOS SAUDABLES

CEIP PLURILINGÜE VILA DE CEE



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CEIP Plurilingüe Vila de Cee

Rúa da Escola nº 9

15270 Cee (A Coruña)

ceip.viladecee@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

Tifno, 881880455

galicia

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

3.- ANÁLISE DA CONTORNA

3.1.- Contexto socioeconómico e culturais que o conforman

4.- OBXECTIVOS XERAIS

5.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

6.- INDICADORES DE LOGRO

7.- AVALIACIÓN E COMUNICACIÓN

7.1.-Técnicas e instrumentos de avaliación

7.2. Difusión e comunicación

1.- INTRODUCCIÓN

Segundo as recomendacións mundiais sobre actividade física para a saúde da Organización Mundial para a Saúde (OMS, 2010) a inactividade física é o cuarto factor de risco de mortalidade máis importante en todo o mundo. O aumento actual da inactividade física e o sedentarismo inflúe considerablemente na prevalencia de enfermidades non transmisibles (ENT) e na saúde xeral da poboación. Polo que a promoción da actividade física e de estilos de vida saudables cobra gran importancia na nosa sociedade e no noso proceso educativo.

As estratexias que imos levar a cabo están relacionadas coas distintas áreas do currículo, e desenvolveranse de forma transversal ao longo dos próximos cursos escolares, aínda que facendo especial incidencia na área de Educación Física. De maneira, que inseriremos as nosas actividades nas Programacións propostas e no Proxecto Educativo, estando ademais relacionadas co Plan de Igualdade, Convivencia e Benestar Emocional.

As liñas de intervención que imos levar a cabo no noso centro son:

- ❖ **Estilo de vida saudable:** sabemos que as condutas habituais que configuran o modo de vivir do noso alumnado e as súas familias van ser factores clave sobre a saúde dos mesmos. Por iso, dende o noso plan de actuación, en colaboración e coordinación coas diferentes áreas do currículo cremos firmemente na necesidade de transmitir ao alumnado as claves dunha alimentación equilibrada, o desenvolvemento dunha dieta san e equilibrada, así como a importancia do exercicio físico como fonte de desenvolvemento físico e mental, persoal e social.

Cremos que a educación integral do alumnado é básica, necesaria e vital, así pois, “engancha” ás nosas alumnas e alumnos na práctica de deporte e

actividade física tanto dentro como fora do contexto escolar é un obxectivo prioritario.

- ❖ Autocuidado e accidentalidade: potenciar, en colaboración coas familias, no noso alumnado uns hábitos de hixiene e coidado é imprescindible para o correcto desenvolvemento e saúde dos mesmos.
- ❖ Ademais, levaremos a cabo tamén actividades que fomenten a educación viaria.

Neste curso escolar o CEIP Plurilingüe Vila de Cee pretende incidir na promoción da actividade física e deportiva e na importancia de manter un estilo de vida activo e saudable, deseñando, executando e avaliando un proxecto relacionado cos hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física e hábitos saudables do alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na súa saúde. En base a isto organizaremos algunhas das celebracións do centro para realizalas de forma lúdica e activa como a celebración do **Magosto**, do **Día Universal da Infancia** e o **Día Universal da Saúde**; solicitamos participar nos **Proxectos de Vida Activa e Deportiva - PVAD** para o curso 2023/24 nas modalidades **DAFIS**, de **Móvete +**, **XOGADE** e **Camiña / en bici a escola**; e trataremos de dinamizar a práctica de actividade física e deportiva nos **tempos de lecer** do alumnado.

Mediante estas modalidades pretendemos avaliar a condición física do alumnado e a súa relación coa saúde a través da batería **“DAFIS”** tratando de concienciar a comunidade educativa da súa importancia, detectar debilidades e mellorar estes parámetros. Impulsar a práctica deportiva lúdica e competitiva mediante a modalidade de **“XOGADE”**, participando en **“campo a través”**, en **“xogando coa auga e co vento”**, **“multixogo”**..., fomentando a práctica deportiva en idade escolar.

Ademais mediante a modalidade de “**Móvete +**” tratemos de aproveitar o baile e a danza para dinamizar e aumentar a actividade física nos tempos de lecer.

Por outra banda tamén solicitamos a modalidade de **CAMIÑA / EN BICI A ESCOLA** para dinamizar os traslados ó centro de forma activa a través de medidas que faciliten e fomenten os desprazamentos a pé ou en bicicleta e que contribúan a seguridade viaria.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

Durante o curso 2022 - 2023 o centro participou no Plan Proxecta de “Proxectos de vida activa e deportiva” tratando de dinamizar a actividade do centro, buscando crear un centro cun alumnado máis activo, deportivo e saudable. Levando a cabo actividades en diferentes ámbitos.

Dende a área de educación física tratouse de aproveitar o tempo de actividade na aula, aumentando o tempo de práctica e a intensidade das mesmas, buscando ademais dos obxectivos marcados nas diferentes unidades didácticas unha mellora da condición física do alumnado e a adherencia a práctica físico deportiva. Motivando ó alumnado para participar en actividades deportivas da zona e recoñecendo aquelas actuacións destacadas do alumnado.

Realizouse a avaliación da condición física de todo o alumnado de educación primaria a través da “Bateria DAFIS” e entregamos a tódalas familias o informe individualizado do alumnado tratando de concienciar sobre a importancia de manter unha boa condición física e facéndoas participes deste proxecto deportivo de centro.

Participamos na modalidade de Campo a Través do programa “XOGADE”, contando cunha ampla representación do alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º, presentando

equipos nas categorías benxamín masculino, benxamín feminino, alevín masculino, alevín feminino, infantil masculino e infantil feminino na primeira fase celebrada en Cee. Clasificando para 2ª fase celebrada en Noia os equipos: benxamín masculino, benxamín feminino, alevín masculino, alevín feminino e infantil feminino e na última fase provincial celebrada en Ferrol cos equipos: benxamín masculino e benxamín feminino.

Levamos a cabo a realización de coreografías no patio durante os períodos de recreo no primeiro trimestre, levando a cabo o programa “MOVETE+”. Tamén dentro do programa XOGADE o alumnado de 5º curso realizaron o programa “O Mar na Escola” coñecendo a Escola Cataventos e practicando deportes náuticos de vela e kaiak. E a través do programa “Coñece o Meu Club” coñecemos o tenis de mesa en colaboración co club AD Zas tenis de mesa, contando no centro coa presenza de Estevo Lema que deu a coñecer este deporte ó alumnado de primaria. Ademais en relación con esta actividade tamén instalamos no patio cuberto unha mesa de tenis de mesa para que o alumnado de 5 e 6 puidesen xogar nos períodos de recreo.

Colaboramos tamén coa ONG Save The Children levando a cabo no centro a “Carreira de kilómetros Solidarios” que contou coa participación de todo o alumnado e coa colaboración do profesorado do centro, celebrando o día universal da infancia mediante a realización desta carreira solidaria.

En relación coas celebracións, durante o Magosto realizamos por niveis uns circuítos de xogos populares onde participou todo o alumnado. E en relación co Día da Paz cada curso construíu cos seus corpos unha palabra coas que posteriormente realizamos un vídeo para concienciar sobre a importancia deste día.

Ademais tamén ampliamos e melloramos a zona do rocódromo facéndoa máis atractiva e dinámica para o alumnado e organizamos un servizo de préstamo de

material deportivo durante o tempo de lecer para dinamizar a actividade física nos mesmos.

Tamén, destacar que a través das titorías do centro traballamos interdisciplinarmente as merendas saudables concienciando sobre a importancia dunha dieta sa e equilibrada.

3.- ANÁLISE DA CONTORNA

O CEIP Plurilingüe Vila de Cee de Cee está situado na capital do concello. Cee é o centro administrativo e de servizos da Comarca de Fisterra, dentro da zona coñecida como Costa da Morte, e apenas a 1 hora en coche de Santiago de Compostela ou A Coruña. A carón do Océano Atlántico, e moi preto da terra dos romanos, atópase a vila de Cee, centro neuráxico de servizos na Costa da Morte. Situada a 94 quilómetros da cidade de A Coruña e a 74 de Santiago de Compostela, Cee é un centro de referencia na zona centro-oeste da provincia coruñesa.

O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-552, de Fisterra a Coruña. Dista 95 quilómetros da capital da provincia, nestes últimos anos o feito de contar cunha autoestrada dende A Coruña ata Baio supuxo en grande medida melloras na comunicación.

O territorio do Concello de Cee asómase ao mar por 3 fragmentos de costa: a ría de Lires no Noroeste, a praia de Estorde na enseada fisterrá, e desde o mesmo Cee ata a enseada do Ézaro.

O municipio ten unha superficie de 54.2 km² nos que viven algo máis de 7500 habitantes distribuídos en 6 parroquias: A Ameixenda, Brens, Cee, Lires, A Pereiriña e

Toba.

O noso centro está situado na Rúa de Escola, perpendicular a unha das estradas principais a Avda.de Fernando Blanco, cerca do polideportivo e con acceso ao transporte escolar así como a dos familiares que achegan aos rapaces en coche.

3.1.- Contexto socioeconómico e culturais que o conforman

A poboación dedícase á industria Ferroatlántica, servizos, agricultura e comercio. No concello contamos con servizos como Hospital, Facenda, Oficina do INEM, casa da cultura, museo Fernando Blanco, centro comercial con cine, mercado municipal, escola municipal de música, escola infantil, institutos con formación en educación secundaria, bacharelato e formación profesional, polígono industrial con diferentes empresas, entidades bancarias, hipermercados, hoteis, gasoleira, comercios, cafeterías, ...sen esquecer que todos os domingos celébrase un mercado ambulante que congrega a poboación non só do concello senón dos concellos da contorna: Corcubión, Fisterra, Dumbría entre outros.

No concello contase con diversas asociación que realizan acción sociais e culturais, as asociación coas que contamos no Concello son, entidade “Aloumiños” Asociación de Persoas con Necesidades Específicas da Costa da Morte, facemos mencións a ela, xa que temos alumnos/as que asisten a ela. “ASPADEX” asociación que se organiza con calidade e con ética, con un proxecto común, aberta ao entorno y que loita pola inclusión y autodeterminación de las persoas con discapacidade intelectual, prestando los apoios que cada persoa y cada familia necesita para desenvolver seu proxecto de vida.

Trátase dun centro de dúas liñas, fóra dos cursos de 4º e 6º de Educación

Infantil, nos que hai unha. O alumnado presenta características propias á idade cronolóxica que posúen e o seu nivel madurativo é adecuado a mesma. Os alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas especiais son integrados nas aulas ordinarias e con toda a atención requirida.

O centro, entre outras, caracterízase pola súa metodoloxía, orientada á aprendizaxe activa, cooperativo, significativo, social e emocional; desenvolvendo no alumnado o “aprender a ser”, “aprender a facer”, “aprender a coñecer” e “aprender a convivir”; e encamiñado a que o que o alumnado aprenda na aula teña utilidade das portas do colexio cara a fóra, pois pola contra, estaríamos a caer no erro de que á escola ven a aprobar e non a aprender. É por iso, que este plan de actuación estará en total consonancia coas Programacións desenvolvidas para cada un dos niveis educativos, e se proporán obxectivos que fomenten o desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas.

4.- OBXECTIVOS XERAIS

1. Integrar a filosofía do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables dentro do centro educativo (claustro, consello escolar, comunidade educativa, programa educativo, plan anual).
2. Estructurar e ordenar todas as posibilidades ao alcance do centro educativo para fomentar na comunidade educativa a necesidade de levar unha vida activa, dinamizando e promovendo hábitos de vida activa e saudable.
3. Incrementar na estadía no centro a práctica de actividade física de calidade do alumando, fomentando que ó alumando disfrute coa práctica de actividade física e

deportiva, creando hábitos que perduren fóra do centro escolar e ao longo de toda a vida, dende a infancia ata a vellez.

4. Valorar a condición física para a saúde do alumnado como método de avaliación e seguimento das accións propostas dentro do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.
5. Dinamizar e impulsar os desprazamentos o colexio de xeito activo, en bicicleta e a pé.
6. Impulsar a través da actividade física e deportiva relacións de amizade interniveis entre o alumnado do colexio e doutros centros, favorecendo a inclusión, a convivencia e as relacións interpersoais.
7. Impulsar a través da actividade física e deportiva comunicación e as relación interxeracionais, favorecendo a convivencia familiar e social.
8. Sensibilizar ao alumnado e a familia sobre a importancia do exercicio físico e a alimentación equilibrada como medio para a obtención de calidade de vida e saúde.
9. Potenciar comportamentos de saúde dirixidos a adopción de posturas saudables e ergonómicas; e desenvolver hábitos de hixiene corporal e bucal.
10. Dar a coñecer á comunidade educativa a través da web do centro de todas as accións que se realizan no marco da participación neste programa e como medio dinamizador dos obxectivos do mesmo.

5.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

OBXECTIVO 1	<p>1.1.- Integrar nos Plans do centro o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.</p> <p>1.2.- Dinamizar cun equipo de mestres e mestras as actividades propostas no Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.</p>
OBXECTIVO 2	<p>2.1.- Analizar as posibles actividades a realizar dentro do colexio en horario lectivo.</p> <p>2.2.- Analizar as posibles actividades a realizar dentro do colexio en horario non lectivo.</p> <p>2.3.- Analizar as posibles actividades a realizar fora do colexio en horario lectivo.</p> <p>2.4.- Analizar as posibles actividades a realizar fora do colexio en horario non lectivo.</p>
OBXECTIVO 3	<p>3.1.- Realizar actividades que incrementen a practica de actividade física durante o tempo de lecer.</p> <p>3.2.- Fomentar a actividade física a través de actividades con música e movemento.</p> <p>3.3.- Realizar actividades que incrementen a practica de actividade física durante a xornada escolar.</p> <p>3.4.- Fomentar mediante as modalidades Programa XOGADE a práctica deportiva un estilo de vida activo e saudable de forma lúdica e divertida.</p>
OBXECTIVO 4	<p>4.1.- Valorar a condición física para a saúde do alumnado a través das probas e dos test propostos na batería DAFIS.</p> <p>4.2.- Traballar en base os resultados obtidos, na mellora da condición física saudable, tanto de forma individual, como global (clase, centro educativo).</p>

	<p>4.3.- Impulsar a mellora da condición física saudable do alumando aproveitando a participación en Xogade.</p> <p>4.4.- Traballar de forma transversal os contidos da actividade física diaria e hábitos saudables (sedentarismo asociado a pantallas, condutas nocivas - alcol, tabaco).</p>
OBXECTIVO 5	<p>5.1.- Colaborar co concello e diferentes institucións para desenvolver rutas seguras de desprazamento o colexio.</p> <p>5.2.- Organizar actividades de seguridade viaria.</p> <p>5.3.- Facilitar os desprazamentos o colexio de xeito activo, en bicicleta e a pé.</p>
OBXECTIVO 6	<p>6.1.- Favorecer a convivencia e relacións positivas do alumnado interniveis.</p> <p>6.2.- Participar en actividades deportivas en relación con outros centros escolares e con outros niveis educativos.</p>
OBXECTIVO 7	<p>7.1.- Concienciar as familias da importancia dos hábitos saudables.</p> <p>7.2.- Xogar de forma conxunta cos nosos maiores, aprendendo a escoitar as súas vivencias e favorecendo as relacións interxeracionais.</p>
OBXECTIVO 8	<p>8.1.- Potenciar as merendas escolares saudables.</p> <p>8.2.- Fomentar dende o comedor unha dieta saudable e o consumo de verduras e froita.</p>
OBXECTIVO 9	<p>9.1.- Participar en charlas relacionadas coa saúde e o coidado do noso corpo.</p> <p>9.2.- Fomentar a hixiene bucal despois de cada comida.</p> <p>9.3.- Traballar unha postura correcta do alumnado durante o horario lectivo.</p>
OBXECTIVO 10	<p>10.1.- Difundir as actividades realizadas na páxina web do colexio.</p> <p>10.2.- Dar a coñecer as actividades realizadas a comunidade</p>



	educativa a través de diferentes medios.
--	--

6.- INDICADORES DE LOGRO

<p>OBXECTIVO 1</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaborase o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables. ✓ Intégrese o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables no Proxecto Educativo Funcional do centro. ✓ Intégrese o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables no Programación Xeral Anual. ✓ Establécense relacións entre o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables e os diferentes Plans de organización do centro. ✓ Crease un equipo de mestres e mestras para dinamizar as actividades propostas no Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables. ✓ Establécense relacións entre o profesorado que enriquecen o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables. ✓ Intégrese na filosofía do claustro o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.
<p>OBXECTIVO 2</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Analízanse, propóñense e lévanse a cabo actividades dentro do colexio durante o horario lectivo. ✓ Analízanse, propóñense e lévanse a cabo actividades a dentro do colexio en horario non lectivo. ✓ Analízanse, propóñense e lévanse a cabo actividades fora do colexio en horario lectivo. ✓ Analízanse, propóñense e lévanse a cabo actividades a realizar fora do colexio en horario non lectivo. ✓ Facilitase a comunicación entre o centro e as diferentes entidades deportivas e o servizo de deportes municipal para a realización de actividades.

<p>OBXECTIVO 3</p>	<ul style="list-style-type: none">✓ Ofrécese o alumnado material deportivo para dinamizar e incrementar a súa actividade durante os períodos de lecer.✓ Organízanse actividades que incrementen a práctica de actividade física e deportiva durante o tempo de lecer.✓ Impúlsase a práctica as diferentes modalidades deportivas e recreativas a través de recreos activos.✓ Utilízase a música para incrementar a actividade física a través de actividades con movemento e impulsar as actividades artístico expresivas do alumnado.✓ Foméntase no alumnado a valoración de diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas e artísticas practicándoas tanto dentro como fóra da escola e a contorna máis próxima.✓ Organízase e impulsase a participación do alumnado en actividades deportivas durante o horario escolar mediante as modalidades do Programa Xogade.✓ Intégranse os xogos e actividades físicas e deportivas como parte das celebracións organizadas dende o centro.✓ Incrementábase o interese polas diversas actividades que se poden desenvolver a partir da area de Educación física.
<p>OBXECTIVO 4</p>	<ul style="list-style-type: none">✓ Realízase a valoración a condición física para a saúde do alumnado a través das probas e dos test propostos na batería DAFIS.✓ Traballase en base os resultados obtidos, na mellora da condición física saudable, tanto de forma individual, como global (clase, centro educativo).✓ Impúlsase a mellora da condición física saudable do alumando aproveitando a participación en Xogade.✓ Mellórase o interese que mostra o alumnado por adquirir hábitos relacionados coa saúde e o benestar.✓ Favorécese as relacións coa familias na mellora da condición

	<p>física e a súa relación directa coa saúde.</p> <ul style="list-style-type: none">✓ Trabállanse de forma transversal os contidos da actividade física diaria e hábitos saudables (sedentarismo asociado a pantallas, condutas nocivas - alcol, tabaco).
OBXECTIVO 5	<ul style="list-style-type: none">✓ Establécense liñas de colaboración co concello e diferentes institucións para desenvolver rutas seguras de desprazamento o colexio.✓ Organízanse actividades de seguridade viaria.✓ Traballase dende as diferentes áreas aspectos importantes da seguridade viaria.✓ Facilitanse zonas para que o alumnado poida deixar as bicicletas, patinetes... despois dos seus desprazamentos ó centro.✓ Dinamízanse os desprazamentos o colexio de xeito activo, en bicicleta e a pé.
OBXECTIVO 6	<ul style="list-style-type: none">✓ Favorecese a convivencia e as relacións positivas do alumnado interniveis entre o alumnado.✓ Participase en actividades deportivas en relación con outros centros escolares e con outros niveis educativos establecendo lazos de amizade con outros nenos e nenas.
OBXECTIVO 7	<ul style="list-style-type: none">✓ Faise participe as familias das actividades realizadas no Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.✓ Informase as familias dos resultados acadados polo alumnado nas probas da Bateria DAFIS, informando da importancia da condición física sobre a saúde.✓ Impúlsanse xogos e actividades físicas de forma conxunta cos nosos maiores, aprendendo a escoitar as súas vivencias e favorecendo as relacións interxeracionais.✓ Ponse en valor a memoria deportiva da contorna, coñecendo a evolución dos xogos e deportes do noso barrio.

	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Constrúense e póñense en común materiais necesarios para a práctica de diferentes xogos populares e tradicionais.
OBXECTIVO 8	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Potenciase dende as diferentes áreas a importancia das merendas escolares saudables. ✓ Buscase a toma conciencia do alumnado da importancia dunha boa alimentación. ✓ Fomentase dende o comedor unha dieta saudable e o consumo de verduras e froita.
OBXECTIVO 9	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Realízanse charlas e coloquios relacionados coa saúde e o coidado do noso corpo. ✓ Ponse en relevancia dende as diferentes áreas a importancia de manter hábitos saudables de hixiene corporal, exercicio físico e o descanso como formas de manter a saúde. ✓ Trabállase de forma transversal os contidos da actividade física diaria e hábitos saudables e o prexudicial do sedentarismo asociado a pantallas, e das condutas nocivas - alcol, tabaco. ✓ Foméntase a hixiene bucal despois de cada comida recalcando a súa importancia. ✓ Trabállase unha postura correcta do alumnado durante o horario lectivo.
OBXECTIVO 10	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Difúndense as actividades realizadas na páxina web do colexio. ✓ Danse a coñecer as actividades realizadas a comunidade educativa a través de diferentes medios.

7.- AVALIACIÓN E COMUNICACIÓN

7.1.-Técnicas e instrumentos de avaliación.

A avaliación realizarémola como un proceso global, continuo e formativo, onde iremos avaliando a realización e organización de cada unha das actividades e do proxecto xeral, comprobando o grado de satisfacción do alumnado coas actividades mediante enquisas e o cumprimento e desenvolvemento dos obxectivos marcados.

Abarcaremos varias técnicas de avaliación desde todas as áreas xa que, como se dixo, é algo transversal a cada unha delas, aínda que se prima o seu desenvolvemento en Educación Física.

Avaliaremos en que medida se acadan os indicadores de logro do programa empregando diferentes técnicas e instrumentos como a escala de valoración as listas de control e cuestionarios, analizando os diferentes indicadores e levando a cabo a análise da evolución do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables durante o curso e comprobando o impacto do plan na mellora da actividade física diaria e a saúde do alumnado.

En base os resultados obtidos estudaremos propostas de mellora do proxecto de cara os vindeiros cursos.

7.2. Difusión e comunicación.

A difusión e comunicación deste plan, levarase a cabo nas seguintes liñas:

- ❖ Para o profesorado: a través do Claustro, Consello Escolar, reunións de ciclo, reunións en comisións (sobre todo na comisión de convivencia).
- ❖ Para as familias: a través de circulares, reunións trimestrais, páxina web, axenda escolar...
- ❖ Para o alumnado: mediante carteis, información directa nas aulas, exposición do traballo realizado, revista dixital e radio escolar.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CEIP Plurilingüe Vila de Cee

Rúa da Escola nº 9

15270 Cee (A Coruña)

ceip.viladecee@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladecee/>

Tifno, 881880455

galicia

Todas as actuacións que levemos a cabo serán recollidas no cartafol compartido do claustro, apartado “Proxecto Educativo”.